

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 7 de xullo de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día sete de xullo de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1043).- NORMAS PARA A MATRÍCULA NA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA E PERCUSIÓN TRADICIONAL NO CURSO 2008-2009. EXPTE. 2803/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 25.06.08, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as normas e a oferta de prazas para a matrícula nas ensinanzas na Escola Municipal de Danza e Percusión Tradicional no curso 2008-09, que se achegan no expediente.

2º.- Facultar e ao concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural para resolver as solicitudes de inscrición e as posibles modificacións que se precisen nas seccións da Escola Municipal de Danza. e Percusión Tradicional”.

## OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO 2008-2009

A Escola Municipal de Danza e Percusión Tradicional impartirá ensinanzas de danza e percusión tradicional galega, dirixida a cidadanía sen limitación de idade.

### 1.- ÁMBITO FORMATIVO "MÚSICA E MOVEMENTO".

Está dirixido aos alumnos de catro a sete anos. O ensino integrado de música e movemento realizarase en grupo e organizarase en dous niveis de dous cursos de duración cada un deles.

#### 4-6 ANOS.

##### NIVEL DE "INICIACIÓN".

NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 12 alumnos/grupo.

NÚMERO DE GRUPOS NO NIVEL.- 4 grupos.

NÚMERO DE ALUMNOS.- 48 alumnos.

HORARIO.- Unha sesión semanal de 90 minutos para cada grupo.

Grupo 1.- MÉRCORES; de 17,30 a 19,00 horas.

Grupo 2.- MÉRCORES; de 17,30 a 19,00 horas.

Grupo 3.- MÉRCORES; de 17,30 a 19,00 horas.

#### 6-7 ANOS.

##### NIVEL DE "FORMACIÓN BÁSICA".

NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 15 alumnos/grupo.

NÚMERO DE GRUPOS POR NIVEL.- 4 grupos, como máximo.

NÚMERO DE ALUMNOS.- 60 alumnos.

HORARIO.- Unha sesión semanal de 90 minutos para cada grupo.

Grupo 1.- VENRES; de 18,30 a 20,00 horas.

Grupo 2.- VENRES; de 18,30 a 20,00 horas.

### 2.- ÁMBITO FORMATIVO DE "DANZA".

Ensinanzas dirixidas a alumnos que teñan, como mínimo, 8 anos de idade. Para estas ensinanzas non se establece límite máximo de idade.

O agrupamento do alumnado farase en función das idades correspondentes ós ciclos do ensino obrigatorio (8-9,10-11,12-13,14-15 anos); para cada ciclo determínanse dous cursos.

A partir dos 16 anos o agrupamento do alumnado queda a criterio da dirección da Escola Municipal de Danza.

#### 8-16 ANOS.

##### NIVEIS "DANZA PARA ESCOLARES".

NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 20 alumnos/grupo.

NIVEIS.- a) 8-9 anos; b) 10-11 anos; c) 12-13 anos; d) 14-15 anos.

NÚMERO DE GRUPOS.- 10 grupos.

NÚMERO DE ALUMNOS.- 200 alumnos.

HORARIO.- Dous sesións semanais de 60 minutos para cada grupo.

Grupo 1 (8-9 anos).- MARTES e XOVES de 19,00 a 20,00 horas.

Grupo 1 (10-11 anos).- MARTES e XOVES de 19,00 a 20,00 horas.

Grupo 2 (10-11 anos).- MARTES e XOVES de 19,00 a 20,00 horas.

Grupo 1 (12-13 anos).- LUNS E MÉRCORES DE 19,00 a 20,00 horas.

Grupo 1 (14-15 anos).- LUNS E MÉRCORES DE 19,00 a 20,00 horas.

#### MÁIS DE 16 ANOS, SEN LÍMITE DE IDADE.

##### NIVEIS DE "DANZA XUVENIL E DE ADULTOS".

CURSOS.- Cada nivel desenvolverá o 1º curso e o 2º curso. Cada curso poderá incluír só alumnos da mesma idade ou ben alumnos de distinta idade.

NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 20 alumnos/grupo.  
NÚMERO DE GRUPOS.- 3 grupos no nivel de "Danza xuvenil e de adultos".  
NÚMERO DE ALUMNOS.- 60 alumnos.  
HORARIO.- Duas sesións semanais de unha hora cada unha.  
Grupo 1.- LUNS E MÉRCORES DE 20,00 a 21,00 horas.  
Grupo 2.- LUNS E MÉRCORES DE 20,00 a 21,00 horas.  
Grupo 3.- LUNS E MÉRCORES DE 21,00 a 22,00 horas.  
Grupo 4.- LUNS E MÉRCORES DE 21,00 a 22,00 horas.  
Grupo 5.- LUNS E MÉRCORES DE 21,00 a 22,00 horas.

### 3.- ÁMBITO FORMATIVO "ENSINANZAS DE PERCUSIÓN TRADICIONAL".

3.1.- Grupo de ensinanzas de instrumentos vencellados á danza tradicional galega (máis de 16 anos).

NÚMERO DE GRUPOS.- 3 grupos.

NÚMERO DE ALUMNOS.- 45 alumnos.

HORARIO.- Unha sesión semanal de unha hora cada unha.

Grupo 1A.- XOVES DE 18,00 A 19,00 horas. INICIACIÓN.

Grupo 1B.- XOVES DE 20,00 A 21,00 horas. INICIACIÓN.

Grupo 1C.- XOVES DE 21,00 A 22 horas. PERFECCIONAMENTO.

3.2.- Grupo de ensinanzas de instrumentos vencellados á danza tradicional galega (de 8 a 15 anos)

NÚMERO DE GRUPOS.- 2 grupos.

NÚMERO DE ALUMNOS.- 30 alumnos.

HORARIO.- Dúas sesións semanais de media hora cada unha.

Grupo 2A.- luns e mércores de 18,30 a 19,00 horas.

Grupo 2B.- Martes e xoves de 18,30 a 19,00 horas.

### 4.-GRUPOS DE AMPLIACIÓN.-

Hai unha reserva de dous grupos para ampliar no nivel que se precise en función da demanda. O número de alumnos: 40 como máximo. Horario: pendente determinar.

### SECCIÓNS DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA E PERCUSIÓN TRADICIONAL.

9 MÓDULOS

- ❑ Iniciación (4-5 anos): 3 grupos (máximo 15 alumnos c/u): 36 alumnos.
- ❑ Formación básica (5-6 anos): 3 grupos: 45 alumnos.
  - a) "Danza para escolares" (8 a 15 anos): 3 grupos (máximo de 20 alumnos c/u), 60 alumnos.

### LUGARES DE ENSINANZAS.-

As seccións do curso 07-08 foron: SEIS DO NADAL-COIA; CEIP FRIÁN-TEIS; E CEIP DOBLADA, CEIP BALAIOS, CEIP CARRASQUEIRA, **CEIP CHANS.**

Neste curso 2008-2009, mantéñense nun principio as mesmas seccións.

### 5. ATENCIÓN AO PÚBLICO E ALUMNOS.

O persoal da EMD e PT promocionará o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación.

### NORMAS PARA A MATRÍCULA DO CURSO 2008-2009

#### - REQUISITOS PARA MATRICULARSE NA EMD e PT

a) As persoas beneficiarias das ensinanzas de danza tradicional galega impartidas pola EMDPT estarán empadroadas no Concello de Vigo. Quen non estivo matriculado no curso anterior, deberá acreditarlo mediante VOLANTE DE EMPADROAMENTO, que solicitará no servizo de Estatística do Concello de Vigo e que

entregará antes de finalizar o prazo de solicitude de inscrición. No caso do alumnado matriculado no curso anterior non será necesario.

b) O alumnado poderá asistir ás clases da EMDDePT nas DEPENDENCIAS CENTRAIS (na Casa do Concello-praza do Rei, s/n) ou nas SECCIÓNS. Quen solicite praza nas seccións asistirá ás clases no centro que se lle indique en función da proximidade do seu domicilio ou da dispoñibilidade de prazas para o nivel que lle corresponde pola súa idade.

c) Para asistir ás clases aboarase con anterioridade o importe de matrícula correspondente.

## 2. PRESENTACION DE SOLICITUDES PARA INSCRICIÓN NA EMDDePT

Todas as solicitudes de ensinanzas na Escola Municipal de Danza e Percusión Tradicional presentaranse, en impreso normalizado, nas dependencias da escola situada no soto primeiro do Concello, de luns a venres, de 9 a 13 horas, e os xoves de 17 a 19 horas.

O prazo de solicitude irá dende o día 15 ao 30 de setembro de 2008.

## 3. CRITERIOS DE ADMISIÓN NA EMDDePT

Os criterios para a admisión do alumnado da EMDDePT serán o cumprimento das presentes normas e a dispoñibilidade de prazas no grupo correspondente.

As prazas da EMD son limitadas.

## 4. PAGAMENTO DE MATRÍCULA

O alumnado admitido formalizará o pagamento da matrícula do día 6 ao 10 de outubro, ambos inclusive. Quen non formalice a matrícula ou non teña aboado o seu importe dentro do prazo establecido poderá perder a súa praza unha vez iniciado o curso.

## 5. PREZO DA MATRÍCULA

DANZA DE 4 A 7 ANOS:	20.-€ curso completo (1,30 h semanal)
RESTANTES CURSOS DE DANZA:	26.-€ curso completo (2 h semanais)
PERCUSIÓN:	14.-€ curso completo (1 h semanal)

## 6. CALENDARIO DO CURSO NA EMDDePT

O curso iniciarase o día 13 de outubro de 2008 e rematará o 19 de xuño de 2009; dentro deste período o calendario axustarase ás xornadas festivas e de vacacións establecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para centros educativos non universitarios.

O primeiro día de clase, o alumnado presentará unha fotografía de tamaño "carné".

## 7. GRUPOS E HORARIOS.

Na Escola Central o horario de ensinanzas será entre as 17 h e as 22,00 h de luns a venres.

Nas seccións os horarios definitivos fixaranse en canto se dispoña da matrícula mínima.

A oferta total da Escola Municipal de Danza e Percusión Tradicional é de 33 grupos/569 prazas para varios niveis de formación (inicialmente, 24 para a Escola Central e 9 para as seccións).

A dirección da escola, en función da demanda, proporá a adscrición do alumnado aos grupos ata que estes se completen. Procurarase a homoxeneidade dos niveis, polo que pode, antes do comezo do curso, modificarse o número de grupos dos distintos ámbitos formativos ou niveis e tamén dos horarios para atender adecuadamente a demanda.

### 8. ATENCIÓN AO PÚBLICO E ALUMNOS.

*O persoal da EMD e PT promoverá o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación.*

#### **2(1044).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE “MÉDICOS DEL MUNDO” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE REDUCCIÓN DE DANO EN MEDIO ABERTO. EXPTE. 33719/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de dat 12.06.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades económicas, do 13.06.08, conformado polo xefe de Área de Acción Social, pola concelleira delegada da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a concesión dunha subvención á Médicos do Mundo, por un importe de 68.000 euros.

2º.- Prestar aprobación ao texto do convenio entre o Concello de Vigo e a entidade Médicos do Mundo, para a realización dun programa de redución do dano en medio aberto, con un centro de día para a inclusión social e una unidade de rúa, no ámbito territorial do entorno da rúa Pintor Colmeiro, por un importe de 68.000 euros e con cargo á partida 4123.4890001 “Convenio educación de calle con Médicos do Mundo”.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO*

Vigo, de de 2008

*REUNIDOS*

*DUNHA PARTE:*

*Dª María Xosé Méndez Piñeiro, en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, por decreto de Delegación de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.*

*DOUTRA:*

*Dª Mª de las Nieves Turienzo Río, en calidade de presidenta da sede autonómica da entidade MÉDICOS DO MUNDO en Galicia, con Nif G79408852, e enderezo a efectos de notificación en Vigo, R/ Islas Baleares, 15 baixo.*

*MANIFESTAN*

*PRIMEIRO*

*Que segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias, están a protección da salubridade pública, a participación na xestión da atención primaria de saúde, e a prestación dos servizos sociais de promoción e reinserción social, sendo competencia de obrigado cumprimento para os concellos de máis de 20.000 habitantes.*

*A Lei 5/1997, de 2 de abril, da Administración Local de Galicia establece que os municipios exercerán competencias sobre a protección da saúde pública e prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social.*

## SEGUNDO

*Que a Lei 4/1993, de 14 de abril, de servicios sociais de Galicia, establece como competencias municipais a creación e xestión dos servicios sociais de atención primaria.*

*No Decreto 240/1995, de 28 de xullo, polo que se regulan os servicios sociais de atención primaria, especificanse como obxectivos prioritarios deste nivel de atención, entre outros, o desenvolvemento de servicios preventivos dirixidos á poboación xeral e, de forma especial, a aqueles colectivos que se atopan en situación de risco, así como a inserción social dos membros marxidados e excluídos da sociedade.*

*Na Orde de 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centro de día para a inclusión social con unidade de rúa vinculada ao centro.*

## TERCEIRO

*Que a Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das administracións locais, e os programas, medidas, e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social, na nosa Comunidade.*

*O Real Decreto 1911/1999, de 17 de decembro, polo que se aproba a estratexia nacional sobre drogas para o período 2000-2008, e o seu Plan de Acción 2005-2008, establecen que os concellos de máis de 25.000 habitantes deberán elaborar Plans Locais de Drogodependencias.*

*O Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009, en correspondencia co determinado no RD 1911/1999, establece un papel específico para as administracións locais para o desenvolvemento –entre outras- de políticas específicas de prevención de drogodependencias, fundamentalmente no ámbito comunitario, así como as orientadas a favorecer a integración social dos usuarios de drogas, e a coordinación de intervencións en materia de drogas realizadas a nivel local. Así mesmo, establece que as funcións sinaladas para a Administración local terán a súa articulación a través de, entre outros, plans municipais de drogodependencias -que deberán dispoñer de partidas e aplicacións orzamentarias propias, sen perxuízo do financiamento que poidan recibir a través dos convenios de colaboración que establezan coa Consellería de Sanidade e outras administracións, para a execución das medidas recollidas nos respectivos plans municipais-, programación centrada na prevención e incorporación social, e apoio e coordinación coas ONGs da súa zona de influencia.*

## CUARTO

*Que o Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social, para o cal ten subscritos convenios de cooperación coa Consellería de Sanidade e o Servicio Galego de Saúde, para a realización de programas de prevención, servicios asistenciais e de incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.*

*No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo 2006-2008 propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das conductas aditivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se sinala a promoción dos programas de urxencia, redución de danos, e de intervención en rúa, e dos programas de axentes de saúde entre iguais, para atender aos colectivos máis desfavorecidos.*

*O PLDA 2006-2008 establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade, e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.*

## QUINTO

*Que o vixente convenio de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servicio Galego de Saúde e o Concello de Vigo, na súa cláusula quinta, establece que o Concello de Vigo estará aberto á colaboración con aquelas entidades da*

*Administración Local da súa comarca e/ou área de saúde que estean interesadas en participar nos programas de prevención e/ou incorporación social de drogodependencias.*

#### **SEXTO**

*Que o obxecto deste convenio é ofertar un programa de redución de danos e prevención indicada con drogodependentes e outros colectivos en exclusión social, en cumprimento de obxectivos propios e dos compromisos adquiridos mediante convenio de cooperación coa Consellería de Sanidade e o Servicio Galego de Saúde.*

*O programa obxecto deste convenio, no que se refire os recursos materiais e humanos, obxectivos asistenciais, metodoloxía e orzamento xeral, recóllese no ANEXO 1.*

#### **SÉTIMO**

*Que a Administración pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro, para una xestión común de determinadas actividades. A Lei 4/1993, de 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, establece entre as competencias dos concellos a colaboración no fomento dos servizos sociais de carácter local prestados polas entidades de iniciativa social, especialmente os que substitúen ou atenden a necesidades non cubertas pola propia administración.*

#### **OITAVO**

*Que, dada a especificidade técnica do programa a convenir, así como a prioridade de desenvolvelo no marco do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, non é posible promover a con concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

#### **NOVENO**

*Que, polas características específicas do traballo a realizar, ambas partes consideran de interese mutuo o establecemento dun convenio de cooperación para a prestación do programa descrito no ANEXO 1, segundo as seguintes*

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA**

*O obxecto do convenio é establecer un plan de cooperación e cofinanciamento entre as partes para a realización dun programa de redución do dano en medio aberto, con centro de día para a inclusión social con unidade de rúa vinculada ao centro, no ámbito territorial do entorno da rúa Pintor Colmeiro.*

#### **SEGUNDA**

*O destinatario do programa é a poboación en situación de emerxencia social, relacionada con drogodependencias e problemática asociada.*

#### **TERCEIRA**

*Para a execución do programa descrito no ANEXO 1, as partes subscriben os seguintes compromisos xerais:*

*1) Por parte do Concello de Vigo, proporcionarase:*

- a) Persoal técnico de CEDRO, con funcións de colaboración e coordinación operativa do programa coa Unidade Asistencial de Drogodependencias CEDRO.*
- b) Cofinanciación da actividade, coa cantidade especificada na cláusula sexta.*

*2) Por parte da entidade Médicos do Mundo, adquirese a obriga de:*

*Realizar a contratación do persoal técnico, segundo táboa de anexo 1, para a execución da actividade asistencial.*

*Asumir a xestión xeral do programa.*

*Cofinanciar o custo restante do programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo anexo 1.*

#### **CUARTA**

*A entidade Médicos do Mundo comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, esixe aos beneficiarios a acepta ademais os seguintes compromisos:*

- 1) Desenvolver a actividade obxecto do convenio, cumprindo o establecido no anexo 1.*
- 2) Contratar o persoal necesario, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello de Vigo.*
- 3) Cumprir as directrices técnicas do Plan de Galicia sobre Drogas e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, e colaborar na súa estrutura participativa.*
- 4) Aportar os informes parciais e a memoria anual de actividade, segundo se establece na cláusula novena.*
- 5) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 la Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

#### **QUINTA**

*Todo tipo de actividade de información ou divulgación relativa ó programa coveniado, debe contar coa autorización previa da Concellería de Benestar Social e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, e da Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.*

#### **SEXTA**

*A achega económica do Concello de Vigo será de 68.000 euros*

*Esta cantidade cargarase ao programa de gastos 4123 de CEDRO, a partida 4890001.*

#### **SÉTIMA**

*A vixencia deste convenio preveese para as actividades realizadas durante o ano 2008.*

*O presente convenio extinguirase en caso de incumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo. Neste caso deberán reintegrarse as cantidades que se houberan percibido como achega económica do mesmo e que non fosen destinadas ao fin previsto.*

*O persoal técnico de CEDRO será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación do mesmo mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que e poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.*

#### **OITAVA**

*Os pagamentos efectuaranse dos seguinte xeito:*

*50% da cantidade total á sinatura do convenio; pago anticipado previo á xustificación, como financiamento necesaria para levar a cabo as actuacións inherentes a subvención.*

*25% adicional ó rematar o mes de xullo, unha vez sexan xustificados os gastos realizados polo importe do 75% do total do convenio e sexan certificados de conformidade polo técnico/a responsable do programa.*

25% restante unha vez xustificadas os gastos realizados e sexan certificados de conformidade polo/a técnico/a responsable do programa

Médicos do Mundo comprométese a presentar antes do día 30 de xaneiro de 2009, unha memoria anual de actividades no Rexistro Xeral do Concello, con destino ós Servizos Sociais.

#### NOVENA

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que contera memoria de actuación xustificativa e memoria de económica xustificativa.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coas actuacións obxectivo do convenio dos indicados no orzamento da actividade que presenta a entidade. De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a efectos da xustificación da subvención consideraranse os gastos realizados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de decembro de 2008, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

Documentos que conformarán a xustificación de subvención:

1.- Memoria parcial ou final de actuación, xustificativa do cumprimento da actividade subvencionada.

2.- Unha memoria económica xustificativa do custe da actividade que comprenderá:

- Un balance de ingresos e gastos da actividade obxecto da subvención, agrupada por tipos de gasto,
  - Facturas orixinais e demais documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, polo importe total da subvención concedida. As facturas terán que reunir as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir factura que incumbe a profesionais e empresarios.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.
- Unha declaración de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social utilizando o réxime simplificado de acreditación do artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Nos documentos xustificativos de subvención que comprenden os gastos vinculados de forma directa ao exercizo 2008 non terá que constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria.

Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, ou cando a entidade solicitante demande o orixinal presentado, as facturas e documentos poderán marcarse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para a que se presenta como xustificante e se o importe se imputa total ou parcialmente á mesma, indicando neste caso a contía exacta que resulte afectada. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado.

#### DÉCIMA

Comisión de Seguimento - Para o seguimento do convenio, así como para a resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo e para avaliar de xeito conxunto o desenvolvemento do proxecto, artella-los medios técnicos apropiados, e reorienta-las actividades e mesmo os proxectos, segundo a evolución do Programa, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta por tres persoas por parte do Concello de Vigo e tres persoas pola entidade Médicos do Mundo. As persoas integrantes da comisión por parte do Concello serán: a técnica de inclusión, o director de CEDRO e unha persoa designada da Área de Benestar Social designada pola Concelleira-Delegada.

#### *DÉCIMO PRIMEIRA*

*Médicos do Mundo poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para o desenvolvemento das actividades do convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello*

#### *DÉCIMO SEGUNDA*

*A concesión de subvención ao amparo da presente convocatoria será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade, sempre que o importe global das mesmas non supere o custe total do servizo.*

#### *DÉCIMO TERCEIRA*

*A lexislación aplicable é a que se sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.*

### **3(1046).- CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA BONO TAXIS PARA DISCAPACITADOS. EXPTE. 33431/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 18.06.08, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a convocatoria específica para a concesión de axudas individuais para o transporte, a través de bonos-taxi, a persoas afectadas por discapacidade na súa mobilidades, que de seguido se transcriben e os anexos obrantes no expediente.

2.- Aprobar o convenio de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) como entidade colaboradora na xestión das axudas.

3.- Autorizar o gasto de 27.624,50€ con cargo á partida de Benestar Social 3130.480002 “Subvencións taxi persoas con discapacidade” ou a súa bolsa de vinculación

4.- Autorizar o gasto de 10.000€ con cargo á partida de Benestar Social 3130.2270600 “Estudios e traballos técnicos” a favor da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), NIF. G36704195.

*A) CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA DESTINADA A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE- 2008-*

*Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu artigo 25.2 k) expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación dos servizos sociais de reinserción social.*

*Pola súa parte, o artigo 26.1 do mesmo texto legal establece que os municipios de mais de 20.000 habitantes deberán prestar, en todo caso, os servizos sociais.*

*Que a Lei 4/1993, de 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria, configurando os servizos sociais como un sistema integrado de protección social orientado á prestación programada de atencións e servizos que posibiliten a mellora da calidade de vida e a participación das persoas ou grupos, nomeadamente dos que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva, así como á prevención e eliminación das causas que están no orixe daquelas situacións.*

*Que en base as competencias indicadas e co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade, o Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en concorrencia competitiva, seguindo o procedemento que se indica e no marco xurídico da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

### *1.- OBXECTO E DEFINICIÓN*

*O programa trata de facilitar un medio de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, que por razóns das súas dificultades de acceso non poden utilizar o transporte colectivo.*

*A finalidade destas axudas é favorecer o desprazamento na cidade ás persoas afectadas de dificultades de mobilidade, mediante a utilización da utilización do servizo público de taxi.*

*Son obxecto deste programa de subvencións:*

- As persoas que teñen graves deficiencias de mobilidade.*
- As persoas que teñan que utilizar cadeira de rodas ou que dependan do uso de bastóns para deambular.*
- As persoas con discapacidade visual.*

*En calquera caso na resolución emitida polo Centro de recoñecemento de minusvalías deberá constar a súa dificultade para utilizar o transporte público.*

### *2.- FINANCIAMENTO E CONTÍA*

*O importe total das subvencións a conceder na presente convocatoria non excederá do límite de 27.624,50€ e financiaranse con cargo á partida 3130.4800002 “Subvencións taxi persoas con discapacidade” do orzamento de Benestar Social.*

*De incrementarse o crédito orzamentario dispoñible como consecuencia dunha xeración ou incorporación de crédito, considerarase o importe incrementado como unha contía adicional ao crédito inicialmente dispoñible, sen necesidade de nova convocatoria (artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e concordantes da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, desenvolvidos no artigo 58 do Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións).*

*Tendo en conta o crédito orzamentario do que se dispón no momento da convocatoria e as previsións de contías adicionais, estableceuse en 208 o número máximo de beneficiarios que, reunindo as condicións previstas no punto 3 da convocatoria poderán percibir esta axuda. A contía a conceder por cada beneficiario non poderá exceder de 300€ anuais*

### 3.- REQUISITOS PARA SOLICITAR A SUBVENCIÓN E FORMA DE ACREDITALOS.

*Poderán solicitar a subvención as persoas que reunindo os requisitos xerais e non estando incursas en ningunha das causas de prohibición establecidas na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, cumpran ademais os seguintes requisitos:*

- 1. Estar empadroado no municipio de Vigo cunha antigüidade de un ano (para subvención do ano 2008, desde o 01/01/2007), e permanecer de alta no padrón municipal mentres se perciba a axuda.*
- 2. Estar afectado/a por perda funcional anatómica ou visual, que en grao igual ou superior ao 33% dificultelle gravemente o acceso a transportes colectivos e así se acredite no certificado oficial de Minusvalía, emitido polo EVO (baremo do Real Decreto 1971/1999: apartados A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H)*
- 3. Non posuír vehículo propio adaptado para a conducción por persoa con discapacidade motora no suposto de solicitantes maiores de 18 anos.*
- 4. Os recursos económicos teranse en conta para establecer a lista de concesión do bono-taxi, que será por orden inverso á contía da renda per cápita da unidade familiar.*

*Establecerase unha discriminación positiva cando a unidade familiar este composta por unha soa persoa, neste caso dividiranse os ingresos entre 1,5.*

#### Recursos económicos computables.

*Para o cómputo dos recursos económicos da unidade familiar na que se integra o solicitante, teranse en conta a renda e patrimonio, do último exercicio fiscal, dos seus membros,*

*Por renda entendese a totalidade dos rendementos netos da unidade familiar derivados de:*

- Rendementos do traballo*
- Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario*
- Rendementos das actividades empresariais ou profesionais.*

*Por patrimonio entende o rendimento neto do capital mobiliario e inmobiliario da unidade familiar.*

*Por unidade familiar entendese:*

- b) A formada polos cónxuxes e seus descendentes que convivan habitualmente.*
- c) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vinculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.*
- d) A formada polo posible beneficiario e seus acolletores de feito e de dereito que convivan habitualmente.*
- e) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico, non rompen a convivencia para estes efectos.*

### 4.- INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DAS SUBVENCIÓNS

*O órgano competente para a instrucción do procedemento das axudas será o servizo de Autonomía Persoal do departamento de Benestar Social, quen realizará de oficio tantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.*

*A proposta de resolución para a concesión das subvencións corresponderá a unha comisión de valoración formada polo Xefe de Área de Benestar Social, a Profesional responsable do programa ou persoas en quen deleguen.*

*A Xunta de Goberno Local, a proposta da Comisión de valoración, acordará conceder as subvencións con cargo á partida e polo importe máximo sinalado no punto dous da convocatoria.*

#### **5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN SOLICITUDES**

*As solicitudes deberán formularse mediante instancia asinada pola persoa solicitante que deberá axustarse ao modelo normalizado que acompaña á presente convocatoria.*

*O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do seguinte día hábil ao da publicación da convocatoria no BOP. Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, as Unidades Básicas de Acción Social (UBAS) e na páxina web do Concello de Vigo [www.vigo.org](http://www.vigo.org).*

*Ás solicitudes acompañaranse os documentos e informacións aos que fai referencia a base sétima desta convocatoria.*

*Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase á persoa solicitante que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistida a súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 71.1 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*A solicitude implicará a autorización ao Concello de Vigo para que realice as actuacións de comprobación que resulten procedentes, aos efectos de verificar a información facilitada polas persoas solicitantes, a concorrencia dos requisitos esixidos e o cumprimento das obrigacións da persoa beneficiaria derivadas da concesión.*

*As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos previstos no artigo 38 da Lei de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

#### **6.- PRAZO DE RESOLUCIÓN E DE NOTIFICACIÓN**

*A Xunta de Goberno Local resolverá, de xeito motivado, a concesión ou desestimación das axudas solicitadas no prazo de catro meses, que contará desde a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes.*

*O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.*

*A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme o previsto no art. 24 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

#### **7.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.**

*A solicitude irá acompañada da documentación que deseguido se indica:*

- 1. Solicitude cumprimentada e axustada ao modelo que acompaña á presente convocatoria.*
- 2. Fotocopia do DNI do solicitante e no seu caso do representante legal.*
- 3. Fotocopia do certificado oficial de minusvalía, emitido polo EVO, no que consta a dificultade para a utilización do transporte colectivo.*
- 4. Declaración responsable na que se faga constar que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*
- 5. Fotocopia completa da declaración do IRPF no caso da obriga de facela, correspondente ao último exercicio tributario e por cada un dos membros computables da unidade familiar ou certificado negativo expedido pola Administración Tributaria*

6. *Fotocopia da declaración de patrimonio do último exercicio tributario, no caso da obriga de facela, correspondente a cada un dos membros computables da unidade familiar ou certificado negativo expedido pola Xunta de Galicia-Consellería de Economía e Facenda.*
7. *Certificado da/as pensión/s percibidas no ano da solicitude.*
8. *Declaración responsable de non posuír vehículo propio adaptado para a condución, no suposto de solicitantes maiores de 18 anos.*
9. *Poderá solicitarse calquera outra documentación que se considere conveniente na instrucción do procedemento.*

*Os requisitos e/ou datos que resulten esixibles en virtude da presente convocatoria, poderán ser constatados mediante consulta á Entidade correspondente.*

*Se os documentos esixidos xa estivesen en poder do Concello de Vigo, poderán substituírse por unha declaración responsable na que se indique a data e a dependencia na que foron presentados ou no seu caso, emitidos.*

*Non obstante ao disposto anteriormente, nos supostos de imposibilidade material de obter o documento por parte deste Concello, poderase requirir ao solicitante a súa presentación, ou na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.*

*O Concello comprobará de oficio que o/a petionario/a está ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias co municipio, se é titular de vehículo adaptado, así como o empadroamento; a presentación da solicitude supón autorización suficiente para que o Concello efectúe estas comprobacións.*

#### **8.- COMPATIBILIDADE DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:**

*A subvención desta convocatoria, será compatible coa percepción doutras subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entidade.*

#### **9.- PAGO:**

*Esta subvención concrétese na concesión dunha axuda económica que será utilizada polas persoas beneficiarias nos seus desprazamentos persoais, facendo uso do servizo público de taxi desde o momento da concesión ata o 15 de decembro de 2008.*

*O programa xestionarase, no que se refire a aplicación do bono taxi, mediante Convenio cunha entidade colaboradora do Concello de Vigo segundo se establece no art. 12 da Lei 38/2003 Xeral de subvencións e da Lei 9/2007 Galega de subvencións. A xestión por entidade colaboradora non suporá nin a entrega nin a disposición dos fondos públicos, correspondentes á subvención, aos beneficiarios.*

*Os importes mensuais dos servizos prestados satisfaranse a mes vencido, logo de ser conformados pola Comisión de seguimento do convenio de colaboración á vista dos xustificantes presentados e verificados pola entidade colaboradora.*

#### **10.- NORMAS XERAIS DE UTILIZACIÓN:**

- a) *Os beneficiarios das axudas poderán dispoñer de 60 € mensuais, desde setembro a decembro,*
- b) *Os servizos de taxi serán persoais, utilizando taxis da Central Radio Taxi, a través de chamada telefonica ao número 986470000.*
- c) *Os taxistas entregarán ao beneficiario un xustificante do servizo co seguinte contido mínimo:  
Número de licenza do taxi.*

*Nome do beneficiario da axuda.*

*Importe do traxecto.*

- d) *O beneficiario usuario do servizo entregará os xustificantes á entidade colaboradora.*
- e) *Calquera anomalía que se observe na prestación do servizo será posta en coñecemento do Concello de Vigo*
- f) *O importe dos traxectos irase descontando dos 60 € mensuais concedidos, na Central de Radio-Taxi, advertíndolle ao usuario cando non dispoña de mais saldo.*
- g) *A Asociación de autopatronos do taxi entregará a final de cada mes, á entidade colaboradora, factura e xustificantes dos traxectos realizados polos beneficiarios das axudas, para proceder á comprobación e posterior pago polo Concello de Vigo.*
- h) *O uso indebido ou fraudulento do Bono-taxi poderá dar lugar, previa instrucción do procedemento administrativo correspondente, á perda do dereito ao seu goce.*

#### **11.- RÉXIME DE RECURSOS:**

*Contra a presente convocatoria, as súas bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderán interporse, potestativamente, os seguintes recursos:*

- *Recurso de Reposición ante o mesmo órgano municipal autor do acto administrativo no prazo dun mes a partir do día seguinte da notificación ou, no seu caso, publicación do acto que se recorra.*
- *Recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do contencioso Administrativo no prazo de dous meses. Este prazo computarase a partir do día seguinte ao da notificación do acto que se recorra.*

#### **12.- NORMA FINAL**

*En todo aquilo non previsto na presente convocatoria, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto no convenio, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

#### **B) CONVENIO CON ENTIDADE COLABORADORA PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA DE “BONO-TAXI” COMO MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA MOBILIDADE. ANO 2008**

*En Vigo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2008*

#### **REUNIDOS**

*Dunha parte D<sup>a</sup> María Xosé Méndez Piñeiro, en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, por decreto de Delegación de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.*

*Doutra D. Anxo Queiruga Vila, como Presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (en adiante COGAMI).*

## EXPOÑEN

*PRIMEIRO.- Que o Concello de Vigo, en base ás competencias que ostenta para realizar todas aquelas actividades sociais dirixidas a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal, considera necesario poñer en funcionamento o programa denominado “bono-taxi” que ten por obxecto establecer axudas económicas para posibilitar un medio de transporte alternativo a aquelas persoas que, por razón da grave dificultade de acceso, non poden utilizar o transporte colectivo.*

*SEGUNDO.- Que o Concello de Vigo, na convocatoria das subvencións, establece a colaboración da entidade sen ánimo de lucro “Confederación galega de persoas con discapacidade –COGAMI- como colaboradora na xestión do programa, sen entrega nin distribución dos fondos públicos correspondentes á subvención.*

*TERCEIRO.- Que COGAMI é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública e recoñecida legalmente como entidade colaboradora en materia social a favor das persoas con discapacidade física.*

*Polo tanto acordar subscribir o seguinte convenio de colaboración con suxeición ás seguintes cláusulas:*

## CLÁUSULAS

*PRIMEIRA.- A Entidade colaboradora comprométese a informar e asesorar aos discapacitados para a presentación da documentación necesaria para optar á subvención.*

*SEGUNDA.- A Entidade colaboradora comprobará si as solicitudes e documentación, presentada no Concello de Vigo, cumpre todos os requisitos da convocatoria.*

*TERCEIRA.- Unha vez completada a documentación, a entidade colaboradora realizará as valoracións e proporá a Comisión de Valoración e Seguimento, tanto as que deban ser desestimadas como as propostas para adxudicación.*

*CUARTA.- O Concello de Vigo comunicará ao interesado a resolución adoptada sobre a concesión ou puntuación e posta na lista de espera, de existir esta.*

*QUINTA.- Comisión de Valoración e Seguimento.*

*A súa composición fíxase en dous membros por cada unha das partes asinantes do convenio e resolverá as diverxencias que xurdan tanto no procedemento de concesión como no seguimento do convenio.*

*A Comisión de Valoración, unha vez recibidas as facturas dos servizos, xunto co informe da entidade colaboradora no que conste que os mesmos prestáronse de acordo coas condicións en que foron concedidas as axudas, conformará a factura e propondrá o pago.*

*SEXTA.- O Concello de Vigo compensará economicamente á entidade colaboradora coa cantidade máxima de 10.000 (dez mil) euros ata o final do programa, ao obxecto de compensar o incremento dos gastos da entidade en materia de persoal, material funxible e comunicacións de calquera tipo que teñan que ver coa colaboración na xestión das axudas.*

*SÉTIMA.- O convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2008.*

*OITAVA.- A entidade colaboradora recibirá, a final de cada mes, a factura emitida pola asociación de taxis que preste os servizos xunto cos xustificantes dos traxectos efectuados. Unha vez comprobados e verificados todos os seus extremos, remitirase á Comisión de Valoración para conformidade e pago.*

*NOVENA.- A firma do presente convenio non outorgará dereito algún á entidade colaboradora para utilización das actividades que nel se amparen, sexa con fines publicitarios ou de calquera outro tipo, dos símbolos ou logotipos do Concello de Vigo.*

*DECIMA.- Será de aplicación a normativa sobre propiedade intelectual e, no seu caso, a de protección de datos de carácter persoal. Polo tanto, a entidade colaboradora non poderá utilizar para si nin proporcionar a terceiros dato algún dos acadados no ámbito da actividade desenvolvida, nin publicar, total ou parcialmente, o*

*contido dos mesmos sen autorización escrita da Administración. En todo caso, a entidade colaboradora será responsable dos danos e prexuízos que se deriven do incumprimento desta obriga.*

*A entidade colaboradora terá a obriga de entregar ó Concello de Vigo para uso exclusivo do mesmo, todos os expediente, datos, cálculos, procesos e programas informáticos utilizados durante o período de vixencia do programa e procederá a devolución da documentación que se lles entregara ara realización da actividade obxecto deste convenio.*

*En proba de conformidade, asínase o presente convenio por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.*

**4(1047).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: BAIXA EXPTE. 1/90; ALTA EXPTES. 11/1264, 01/2427, 22/1296, 4/1796.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Dalia San juas Fernández. Expte. 22/1296.
- D<sup>a</sup>. Felizarda Pereira Dantas. Expte. 11/1264.
- D<sup>a</sup>. Elisa Luis Costas. Expte. 2427/01.
- D. Pablo Fernández Roade. Expte. 1796/4.

2º.- Dar de baixa no Servizo de Axuda no Fogar a D<sup>a</sup>. Esperanza Alonso Estévez. Expte.

**5(1048).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE OCUPACIÓN TEMPORAL DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA, A FAVOR DO CONCELLO DE VIGO, PARA DEDICAR A ALOXAMENTO ALTERNATIVO E TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL. EXPTE. 28922/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Acción Social, do 2.07.08, conformado pola concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aceptar a autorización de ocupación temporal por un período de dous anos, a favor do Concello de Vigo, das seguinte vivendas:

- r/Caldas de Reis, 1-2º A (5 habitacións) Expediente: PO1CD71:743
- r/Anduriña, 5-9ºE (3 habitacións) Expediente: PO83540:46

nas condicións que establece a resolución da presidenta do IGVS de 27 de maio de 2008.

Segundo.- Delegar na Concelleira de Benestar Social, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro, a sinatura da acta de entrega de chaves e calquera outro documento relacionado con este expediente.

Terceiro.- Autorizar que os gastos de ocupación temporal dos inmobles, durante o período indicado, sexan efectuados con cargo ás seguintes partidas:

- Obrigas económicas derivadas da utilización da vivenda: 12102120005 -Mantenimiento de comunidades-

- Gastos de subministración: 31306250000 -Mobiliario e enseres- ou a súa bolsa de vinculación.

**6(1049).- CONTRATACIÓN DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVA PARA A OFICINA DO PLAN DE INCLUSIÓN POR RENUNCIA VOLUNTARIA DA CONTRATADA O 12.06.08. EXPTE. 28160/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Benestar Social, do 23.06.08, conformado pola concelleira-delegada da área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Acepta-la renuncia voluntaria, formulada polo auxiliar administrativo D. José Luis Núñez Fernández, D.N.I 36.084.653-E contratado con efectos do pasado día 12 de xuño, por obra ou servizo determinado como Auxiliar Administrativo, segundo escrito de data 12 de xuño de 2008, presentado no edificio Administrativo da Xunta de Galicia, desta cidade, con efectos de data 12 de xuño de 2008.

.Segundo- Autorizar á Alcaldía Presidencia para formalizar un contrato laboral temporal de Auxiliar Administrativa baixo a modalidade contractual de obra ou servizo determinado a xornada completa, regulado polo RD Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15.a), lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, polo período comprendido entre o un de xullo e o trinta e un de decembro de 2008 (data na que remata a vixencia do convenio asinado entre o Concello de Vigo a a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2007), coa aspirante D<sup>a</sup>. MONTSERRAT GONZÁLEZ PÉREZ, D.N.I. 76.826.613-N, candidata que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas do Equipo de Inclusión Socio-Laboral tal e como se recolle no acordo da Xunta de Goberno Local de 2 de xuño de 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 3 de marzo anterior:

Terceiro.- Percibirá como retribucións as establecidas para o persoal laboral do Concello, neste caso as dunha auxiliar administrativo da Relación de Postos de Traballo vixente.

Cuarto.- Pola Unidade de Persoal, formalizárase o contrato de traballo, alta na seguridade social e demais trámites necesarios para a efectividade do presente acordo.

Quinto.- Aprobar e dispoñer o gasto do presente contrato con cargo a aptida 131.00.01 "Persoal desfavorecido" do funcional 3130 –Benestar Social-

**7(1050).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA MEIXOEIRO DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O XX GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO O 19.07.08. EXPTE. 7898/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.06.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Meixoeiro a organizar o vindeiro sábado 19 de xullo de 2008, o XX GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO, dita proba comenza ás 17.30 horas e rematará ás 19.30 horas, tendo o circuíto programado polo Barrio do Meixoeiro, Avda. De Madrid (vella), Camiño Tixolo e Camiño do Meixoeiro”.

**8(1051).- SOLICITUDE DE D. MANUEL IGLESIAS SAINZA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A MARCHA CICLISTA NA PARROQUIA DE BEADE O DÍA 20.07.08. EXPTE. 7905/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.06.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Manuel Iglesias Sainza a organizar o vindeiro domingo 20 de xullo de 2008, a Marcha Ciclista na Parroquia de Beade, dita proba comenará ás 10.30 horas e rematará ás 12.00 horas, percorrendo as rúas, Cño. Real, rúa dos Seixos, carretera da Venda, do Porto, Ramiro Pascual, rematando en Camiño Real.

**9(1052).- SOLICITUDE DO CLUB PETANCA CELTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O IV 24 HORAS DE PETANCA DO CLUB NO PARQUE DAS COUTADAS (TEIS) OS DÍAS 18, 19, 20 DE AGOSTO. EXPTE. 7904/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo informe-proposta do director deportivo do IMD, do 25.06.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Petanca Celta a organizar os vindeiros días 18, 19 e 20 de agosto IV 24 HORAS DE PETANCA do Club, dita proba se desenvolverá no Parque das Coutadas (Teis), os días 18, 19 e 20 de agosto.

**10(1053).- SOLICITUDE DA COMISIÓN DE FESTAS DE SANTA MARIÑA DE CABRAL PARA A ORGANIZACIÓN DA III CARREIRA DE CARROS DE BOLAS O DÍA 19.07.08. EXPTE. 7777/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.06.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Comisión de Festas de Santa Mariña de Cabral a organizar o vindeiro sábado 19 de xullo de 2008, a III CARREIRA DE CARROS DE BOLAS, dita proba comenará ás 16.00 horas e rematará ás 22.00 horas, percorrendo a rúa Becerreira, rúa de Xalón e o camiño do Narxo”.

**11(1054).- SOLICITUDE DA ESCUDERÍA VIGUESA RACING SPORT COMPETICIÓN PARA ORGANIZAR A 2ª SUBIDA Á CIDADE DE VIGO OS DÍAS 26 E 27 DE XULLO DE 2008. EXPTE. 7813/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.06.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Escudería Viguesa Racing Sport Competición a organizar o vindeiros días 26 e 27 de xullo de 2008, a 2ª SUBIDA CIDADE DE VIGO, dita proba comenará o sábado 26 ás 9.30 horas e rematará ás 22.00 horas e o domingo 27 dende as 9.00 horas ata as 14.00 horas, sendo o percorrido polas rúas Bembrive-Beade (Pabillón de Deportes), Subida a Ramallos, San Esteban de Beade e Parque Forestal (CUVI)”.

**12(1055).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DEPORTES DE VERÁN “VIGOARENA 2008” DO 18 DE XULLO AO 10 DE AGOSTO DE 2008. EXPTE. 7906/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo informe-proposta do técnico do IMD, do 25.06.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Autorizar á empresa Organizia Eventoglobal a instalar unha estrutura de 60x45 m, que comporá o estadio Vigoarena 2008 na zona da praia de Samil situada á beira das instalacións deportivas Municipais do IMD, e tendo en conta que o organizador deberá ter en conta o réxime de mareas así como os desvíos do río Lagares que poideran alterar ou dañar a estrutura, sendo da súa responsabilidade os desperfectos e alteracións que nela poideran producir causas naturais, sendo responsabilidade do organizador a ubicación máis axeitada para a instalación da estrutura do estadio Vigoarena 2008.

2º- Autorizar á empresa Organizia Eventoglobal a desenvolver na devendita instalación o seguinte calendario de actividades deportivas:

Trofeo de fútbol praia	Do 18 ao 20 de xullo de 08
X Cidade de Vigo de balomán praia	Do 25 ao 27 de xullo de 08
V Trofeo de foot-volei	Do 24 ao 25 de xullo de 08
V Cidade de Vigo de Volei praia	Do 01 ao 03 de xullo de 08
IV Cidade de Vigo de tenis praia	Do 08 ao 10 de agosto de 08

**13(1056).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A ASISTENCIA AO “ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS” NO CONCELLO DE BREST (FRANCIA) DE PERSOAL DA ESCOLA OBRADOIRO “MAR DE VIGO IV”. EXPTE. 5242/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 6.11.07, e polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar o desprazamento dende o día 10 ó 17 de xullo do seguinte persoal da Escola Obradoiro “Mar de Vigo IV”:

- JOSE HENRIQUE OTERO BARBERENA 36007367-Q
- ANA MARIA SAINZ AMOLGUERA 36037164-M
- VICTOR ROBLEDA BARCIA 36079412-W
- JOSE FELICIANO PEIXOTO MARTINEZ 78735825-V
- SANTIAGO CANCELAS COSTA 36065132-M
- SANTIAGO ALVAREZ FOX 35984923-C

Segundo.- Autorizar o gasto que liberarase mediante libramentos a xustificar ás persoas e polos importes que se relacionan da partida 3220.2300100 de axudas de custo:

- JOSE HENRIQUE OTERO BARBERENA 36007367-Q 299,30 €
- ANA MARIA SAINZ AMOLGUERA 36037164-M 299,20 €
- VICTOR ROBLEDA BARCIA 36079412-W 225,68 €
- JOSE FELICIANO PEIXOTO MARTINEZ 78735825-V 225,68 €
- SANTIAGO CANCELAS COSTA 36065132-M 225,68 €
- SANTIAGO ALVAREZ FOX 35984923-C 225,68 €

Terceiro.- O pagamento farase efectivo a través da conta corrente de habilitación de pagamentos de Caixanova aut. 08 Promoción Económica, aperturada na entidade de depósito Caixanova co número 2080/0000/70/0040251593.

**14(1057).- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL PARA CONTRATAR POLO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DE SUBVENCIÓN DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN, PARA O ANO 2008. EXPTE. 5255/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 25.06.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

*A orde do 19 de decembro de 2007 da Consellaría de Traballo pola que se establecen as bases que rexen determinados programas de axudas, para o exercicio do ano 2007, da Consellaría de Traballo que, baixo a rúbrica xeral de Programas de Cooperación, están destinados ao financiamento de accións de fomento de emprego por parte das entidades locais e se procede á súa convocatoria, establece no seu artigo 12º os requisitos e criterios para a preselección do persoal traballador para contratar que aplicará o Servizo Público de Emprego, da Xunta de Galicia, nas súas sondaxes.*

*Dado que o Concello de Vigo recibiu a resolución da Dirección Provincial de Traballo de data 2 de xuño de 2008, na que aproba subvencións para a realización de diferentes memorias no marco desta orde, complementariamente ao procedemento establecido para o envío de candidatos/as é preciso agora establecer o procedemento que se seguirá para a selección definitiva de traballadores/as por parte do Concello.*

*Unha vez remitidos/as os/as candidatos/as para cada praza por parte do Servizo Público de Emprego, de acordo coa oferta de emprego presentada e seguindo os criterios establecidos na citada orde, constituirase unha Comisión encargada da selección definitiva do persoal. Esta Comisión de Selección estará formada polas seguintes persoas:*

- *Un/unha técnico/a do servizo de Emprego, nomeado/a polo/a concelleiro/a dese departamento, que actuará como Presidente/a.*
- *Un/unha auxiliar administrativa do servizo de Emprego, nomeado/a polo/a concelleiro/a dese departamento, que actuará como Secretario/a*
- *Un/unha técnico/a do departamento municipal encargado da execución de cada memoria, nomeado/a polo seu respectivo concelleiro/a.*
- *Un/unha representante da parte social do Acordo sobre as condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2008-2011.*

*Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as enviados/as, e tras as probas que se estime oportuno realizar (probas específicas, entrevista persoal, etc), emitirase Acta co listado definitivo do persoal que se contratará para cada un dos proxectos, así como os/as suplentes para cada praza.*

*Para esta valoración, e tendo en conta os obxectivos do Plan municipal de emprego 2008-2011 onde se especifican cales son os seus colectivos prioritarios (mozos/as, parados/as de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres, persoas vítimas de violencia doméstica e discapacitados/as), puntuarase:*

- Idade:

De 18 a 30 anos	0,5 puntos
De 45 a 65 anos	0,5 puntos

- Desemprego de longa duración:

*0,5 puntos por un ano ou máis en desemprego, segundo vida laboral, contado o tempo en desemprego a partir do último contrato de traballo cunha duración de cinco meses ou máis (a tempo completo ou a parte proporcional se é a tempo parcial).*

- Muller:  
0,5 puntos no caso de ser muller desempregada.
- Persoas vítimas de violencia doméstica, que así o acrediten:  
0,5 puntos.
- Discapacitados/as, cunha minusvalía igual ou superior ao 33% e debidamente acreditada mediante o certificado correspondente:  
0,5 puntos, sempre que a súa discapacidade non sexa incompatible co desempeño do traballo.

As probos específicas e/ou entrevista persoal, de realizarse, puntuaranse ata un máximo de 5 puntos.

Ademais, para todos os postos excepto para os peóns (que se seleccionarán segundo as condicións de ocupabilidade anteriores por ser postos que non necesitan cualificación), teranse en conta os seguintes criterios:

- Formación complementaria adecuada ao posto de traballo, puntuarase ata un máximo de 3 puntos (inclúense neste apartado os cursos de galego e as súas validacións segundo a Orde do 1 de abril de 2005).

Horas lectivas	Puntuación
De 20 a 49	0.1
De 50 a 99	0.2
De 100 a 199	0.3
De 200 a 299	0.4
300 ou máis	0.5

- Experiencia profesional (dentro do mesmo grupo de cotización), puntuarase ata un máximo de 3 puntos (0,1 por mes traballado).
- Outros méritos (publicacións, relatorios, outras titulacións relacionadas, posgraos...), valoraranse ata un máximo de 1 punto.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 12º da Orde que regula os Programas de Cooperación para o ano 2007, o persoal traballador que fora contratado no marco desta subvención, por un período superior a nove meses nos últimos tres anos, non poderá participar neste proceso de selección.

Vista a documentación que obra no expediente, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar o procedemento establecido neste Informe-proposta, de selección dos/as traballadores/as para contratar no marco dos Programas de Cooperación para o ano 2007.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **15(1058).- CRITERIOS PARA A FORMACIÓN DO ORZAMENTO PARA O ANO 2009. EXPTE. 101265/140.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta d aconcelleira delegada de Economía e Facenda, do 2.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Dar conta dos criterios que deberán levar a cabo para a formación do orzamento para o ano 2009 e que figuran no documento anexo a esta proposta con nome de CRITERIOS PARA A FORMACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2009

2º.- Sendo necesario a coordinación e seguimento dos traballos que conleva a elaboración do expediente, nomear a D. Luis Gacía Álvarez, Xefe de Contabilidade do Concello, como responsable da coordinación, seguimento e do artellamento do expediente completo que conformará o proxecto do orzamento do ano 2009.

#### CRITERIOS PARA A FORMACION DO ORZAMENTO 2009

*Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto non art. 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, o orzamento para o ano 2009 deberá ser obxecto de aprobación inicial antes do día 15 de outubro de 2008.*

*A estes efectos, os organismos autónomos administrativos, deberán remitir os seus orzamentos aprobados pola Xunta reitora antes do 15 de setembro, quedando sometida súa formación as directrices que se establecen nesta circular. Para dar cumprimento as previsións temporais legais, estableceráanse e desenvolveranse as tarefas de formación e aprobación do orzamento tendo en conta os prazos previstos.*

*En canto as unidades xestoras internas, tendo en conta os traballos de codificación funcional, económica e contable, así como os procesos de consolidación de datos, a creación de proxectos e a súa vinculación cos recursos de financiamento, as tarefas de aclaración coas distintas unidades xestoras e a conformación de toda a documentación preceptiva esixida polos arts. 165, 166 e 168 do TRLRFL, a documentación relativa á formación do orzamento deberá remitirse á Concellaría de Economía e Facenda antes do 10 de setembro do ano vixente.*

*O escenario orzamentario previsto para o ano 2009, non expón o crecemento do gasto nin dos ingresos tidos en conta para a formación do orzamento do ano 2008, non sendo posible un escenario expansivo do gasto, senón de contención ou incluso de redución.*

*Para dar cumprimento as previsións legais previstas no art. 168.4 do TRLRFL e someter á decisión do Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro o proxecto de orzamentos xerais para o ano 2009, por esa Concellaría Delegada remitirase o estudo do orzamento de gastos e ingresos das áreas da súa competencia, atendendo ás seguintes directrices:*

*a) Presupostarase o gasto obrigatorio correspondentes aos contratos en vigor coas actualizacións previsibles de acordo ao Índice de Prezos ao Consumo ou á fórmula polinómica que estipule o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexeu o procedemento de contratación. O IPC previsto para aplicar a actualización do gasto contractual será do 4%. Os contratos presupostanse polo prezo certo do mesmo, non pola dotación que figure na partida. Se unha partida ten unha dotación orzamentaria superior ao importe do gasto que deveña o contrato, axustarase o citado importe á contía que supoña a relación contractual, sendo este o importe obxecto de actualización.*

*b) Presupostarase a anualidade correspondente, ou parte da mesma, naqueles contratos que teñen a condición de plurianuais polo importe cuxo decheño corresponda ao ano 2009.*

*c) Presupostarase o gasto necesario, é dicir, aquel que sen ser obrigatorio, requírese para o funcionamento operativo dos servizos. Estes gastos terán basicamente unha dotación centralizada, afectando entre outras, á unidade de Contratación, á unidade de TIC, a Administración Xeral, Electromecánicos, etc. A título de exemplo deste tipo de gastos son:*

*Material de oficina  
Vestuario  
Mantemento ordinario de viarios  
Mantemento de equipos informáticos e programas*

*Fornezo de rodas e gasóleos  
Teléfono  
Fornezo eléctrico  
Etc.*

*d) Presupostarase, se fose o caso, as débedas por obrigas recoñecidas fora do Orzamento que puidese existir na área como consecuencia de gastos executados sen cobertura orzamentaria. Neste caso, remitirase a relación de facturas debidamente conformadas e certificada a prestación, explicando en cada caso as causas que motivaron a execución do gasto en procedemento administrativo e sen crédito, así como a autoridade que autorizou o gasto. En cada caso achegarase o preceptivo informe xurídico; unha comparecencia escrita do acredor na que conste que co pago desa cantidade dáse por satisfeito de todas as pretensións. Informe da unidade xestora na que se faga constar que os prezos unitarios que figuran na factura son os normais do mercado, facendo constar expresamente que se se tramitase un procedemento de contratación con suxeición á normativa vixente non se obtería un prezo inferior, polo que o acto aínda que é nulo, non causou prexuízo económico á Administración. Non se admitirán documentos mercantís (facturas) acreditativos de gasto que non cumpran con estes requerimentos.*

*Se concorresen as circunstancias previstas no parágrafo precedente, as facturas correspondentes presentaranse agrupadas por provedor.*

*No suposto que o gasto tivese a cualificación de inductor, tramitarase conxuntamente cos investimentos, que serán presupostados unha vez que se forme o orzamento de gastos corrente, computando igualmente na repartición dos recursos destinados a esta finalidade.*

*e) En canto ao gasto voluntario, presupostarase sobre a base de cálculo do último orzamento aprobado, sen incremento nominal algún. A base de cálculo do orzamento aprobado non é a do orzamento definitivo, na que están incluídas todas as modificacións orzamentarias tramitadas e aprobadas.*

*En canto aos gastos necesarios do apartado “c e e”, manteranse nos termos nominais previstos para o último orzamento aprobado. En ningún caso téñense que manter os mesmos conceptos de gasto, senón que o seu conxunto é o que se ten que manter en termos de crecemento nominal.*

*f) En canto aos gastos do capítulo I (gastos de persoal), presupostaranse tendo en conta a previsión da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009. Aos efectos de imputación aos distintos programas orzamentarios, teranse en conta os acordos adoptados no ano 2008 en materia de persoal e o convenio vixente. A presupuestación farase cunha previsión do 2 por 100, ao que se engadirá un 1 por 100 para dar resposta ao previsto no art. 22 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008. O obxecto deste 1 por 100 adicional é lograr, progresivamente, unha acomodación das retribucións complementarias, excluídas a produtividade e gratificacións por servizos extraordinarios, que permita a súa percepción en 14 pagas ao ano, 12 ordinarias e dous adicionais, nos meses de xuño e decembro.*

*Os postos que figuren na RPT vixente, presupostaranse na súa totalidade con independencia do momento no que se formalice a provisión ou cobertura do mesmo. Tamén se presupostarán integramente as prazas de nova creación.*

*Presupostaranse neste capítulo todos os acordos adoptados en relación cos nomeamentos de asesores, cargos de confianza, dedicacións exclusivas e parciais, asistencia a sesións de órganos colexiados, formación, etc.*

*g) En canto aos plans de formación presupostaranse no capítulo II do estado de gastos, quedando a clasificación económica 162.0000 para recoller as dotacións destinadas á inscrición en cursos.*

*h) As distintas unidades xestoras poderán trasladarse dotacións entre elas; nese caso, a documentación que se envíe deberá especificar o importe que incrementa un centro de gasto e que programa orzamentario é a orixe, todo iso ao obxecto de manter os equilibrios orzamentarios. En ningún caso poderá ser obxecto de transvasamento de dotacións para minorar a dotación dun contrato. Tampouco será obxecto de análise polas*

*unidades xestoras, aqueles gastos que teñan un carácter xeral e que non sexan obxecto de presupuestación pola unidade, senón que obedezan a unha imputación de repartición, tal é o caso das dotacións para a subministración eléctrica, gasto telefónico, combustibles, canons a satifascer a outras institucións ou organismo e outras subministracións enerxéticas.*

*i) En canto aos investimentos e demais operacións de capital, presupostaranse achegando a correspondente ficha do proxecto de acordo ás especificacións que xa son coñecidas polas unidades xestoras e que son as esixidas polo art. 13 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. A elaboración destas fichas non se remitirá para a súa inclusión no Orzamento do ano 2009 ata que se determine o importe destinado a operacións de capital, o cal será obxecto de comunicación ás distintas Concellarías ou a un representante de cada un dos grupos que conforman o Goberno. Presupostaranse igualmente os investimentos xa comprometidos como gastos plurianuais, especificando o custo total do proxecto e a anualidade correspondente ao ano 2009. A título enunciativo e non limitativo destas plurianualidades son:*

*Anualidade construción Palacio de Congresos.  
Anualidade terreos Palacio de Congresos.  
Anualidade CZFV Vigo 2005-2007.  
Anualidade CZFV Plan Centro.  
Anualidade Regata grandes veleiros.  
Etc.*

*j) As unidades xestoras formularan as previsións de ingresos que prevean liquidar como consecuencia de compromisos doutras Administracións, a título de exemplo: Convenio coa Consellería do Territorio en relación co Palacio de Congresos. Acordos en materia de Benestar Social, Axuda a domicilio, prevención e tratamento de drogas. En materia educativa, informarase sobre as subvencións autonómicas para escolas infantís, escola de música, escola de teatro. Na Concellaría de Muller, presupostarase o compromiso da Deputación Provincial para axuda nos gastos na casa das mulleres maltratadas, etc.*

*A documentación e información deberá ser remitida á Concellaría de Economía e Facenda antes do 10 de setembro, debendo axustarse ás directrices dadas, non tomándose en consideración aquelas propostas que se desvíen do obxectivo de formar un orzamento en equilibrio total e que de cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria .*

*En canto ás operacións de capital, é dicir, investimentos e transferencias de capital, a información será remitida separadamente nunha fase posterior, xa que a mesma quedará suxeita a unha análise de detalle en función das posibilidades totais de investimento para o ano concreto unha vez que esten pechados os capítulos restantes.*

*As distintas unidades xestoras, enviarán a información orzamentaria tendo en conta os distintos conceptos de gasto, codificados de acordo á clasificación que figuran no Orzamento vixente. De tratarse de partidas novas, especificarase este feito, de tal forma que no proceso de elaboración do proxecto, analícese se a proposta de partida é correcta ou require unha nova codificación.*

*As unidades de gasto desglosarán as dotacións o máis posible, se existe actualmente unha partida, e se a unidade xestora considera necesario a instrumentación de novas partidas, codificará correlativamente, facendo constar “de nova creación”.*

*En cada un dos contratos presupostados, farase constar a empresa adxudicataria, así como a data na que termina o contrato, indicando igualmente se se está instrumentando o procedemento administrativo para unha nova licitación, e cal é o prezo previsible do novo contrato.*

**16(1059).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 589.269,73€ A FAVOR DE SOGAMA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DURANTE O MES DE ABRIL DE 2008. EXPTE. 2220/252.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23.06.08, o informe do interventor xeral, do 25.06.08, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 25.06.08, conformado pola delegada de Limpeza, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de mercantil SOGAMA pola prestación de servizo de xestión dos Residuos Sólidos Urbanos na cidade de Vigo no mes de abril do ano 2008.

2º.- Recoñecer a obriga de pago por importe de 589.269,73 € IVE engadido, correspondente á factura nº 2008/1430 de data 30.04.08 presentada pola mercantil SOGAMA no rexistro do Concello de Vigo de data 15.05.08 co nº DOC 80060846, correspondente ó mes de abril do ano 2008.

**17(1060).- EXPEDIENTE DISCIPLINARIO INCOADO A FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 74307/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do instructor do expediente disciplinario referido, do 2.07.08, conformado pola secretaria de dito procedemento disciplinario, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Impoñer ao funcionario de carreira do Concello de Vigo, con posto de traballo de Policía local D. Marco Fernández Vázquez, con D.N.I. 36.112.331-P, a sanción de separación do servizo pola comisión dunha falta disciplinaria moi grave consistente no abandono do servizo, pola súa ausencia inxustificada e ininterrompida do servizo desde o 28 de abril de 2007 ata a data de efectos do decreto de incoación do expediente, en que se acorda a suspensión de funcións do mesmo.

A sanción de separación do servizo comporta a perda definitiva da condición de funcionario de carreira segundo o disposto nos arts. 96.1 a) da Lei 7/07 do Estatuto básico do empregado público, e arts. 138.1 c), 138.4 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo RDL 781/86.

2º.- Ordenar á Unidade de Personal a incoación de expediente para esixir a D. Marco Vázquez Fernández o reintegro das cantidades indebidamente percibidas en concepto de retribucións básicas e complementarias, desde o 28 de abril de 2007 ata a data de efectos do presente acordo.

**18(1060).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A ROGINA INSTALACIONES S.L. POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA GARCÍA BARBÓN Nº 4. EXPTE. 70902/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transporte, do 30.06.08, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 7 de setembro de 2005 por ROGINA INSTALACIONES, S.L, con NIF B-36102036, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa García Barbón, nº 4, por non producirse danos.

**19(1061).- SOLICITUDE DA FUNDACIÓN ÉRGUETE DE AUTORIZACIÓN PARA A UTILIZACIÓN DO PARQUE DE RIVERA ATIENZA PARA O DESENVOLVEMENTO DE DOUS CURSOS DE XARDINERÍA. EXPTE. 4213/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro técnico Agrícola, do 24.06.08, conformado poña concelleira delegada de Montes, Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Fundación Érguete-Integración a utilización do Parque Rivera para o desenrolo de dous cursos de formación prelaboral na ocupación de xardinería entre os meses de xullo a novembro do ano 2008 con horario de 10:00 as 13:00 horas, coas seguintes condicións:

- A Fundación Érguete-Integración deberá aportar un seguro que dea cobertura a tódolos alumnos participantes no curso para calquera incidente que se poida producir durante o desenrolo desta actividade.
- O desenrolo das actividades farase cumprindo os requirimentos da Lei de Prevención de Riscos laborais.

**20(1062).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENTA AO PÚBLICO DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN: “FINO LORENZO. DIGRESIÓNS (2004-2008)”. EXPTE. 3153/337.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do responsable técnico de exposicións, conformado polo concelleiro-delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Poñer á venda 200 catálogos dos 500 editados co gallo da exposición “Fino Lorenzo. Digresións (2004-2008)” a un prezo unitario de venda ó público de nove (9)euros, IVE incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello e intercambio.

**21(1063).- PROXECTO BÁSICO DA OBRA PÚBLICA MODIFICADA DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS DE VIGO E ZONAS COMPLEMENTARIAS E EXPLOTACIÓN COMERCIAL. EXPTE. 605/410.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, de data 20.06.2008 e co conforme do concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.-Aprobar proxecto básico da obra pública modificada do Auditorio Pazo de Congresosde Vigo en zonas complementarias e explotación comercial, conforme a documentación presentada pola Sociedad Pazo de Congresos de Vigo, S.A. o 13 de xuño de 2008 con elaborada pola entidade César Portela Fernández Jardón -IDOM Ingeniería e Consultoría, S.A. UTE e asinada polos arquitectos Srs. Portela Fernández Jardón e Zayas Carbajal.

2.-Conceder á entidade concesionaria un prazo de tres meses para a presentación do proxecto de execución definitivo do Auditorio Pazo de Congesos de Vigo e as súas zonas complementarias de explicación comercial.

3.-Dar traslado ó xefe do servizo de investimentos, Benjamín Suarez, de contido íntegro do plan económico financeiro presentado para a súa análise e estudo e posterior remisión a esta Xunta de Goberno Local dun informe técnico e xurídico para a súa toma de razón e medidas a adoptar.

**22(1064).- SUBHASTA PARA CHATARRA DE 54 VEHÍCULOS DO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. 2339/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado, do 26.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 54 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo secciona-los bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

**23(1065).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE CONSUMIBLES INFORMÁTICOS ADXUDICACIO A PROFINSA, PRODUCTOS DE OFICINA E INFORMÁTICA S.A. EXPTE. 3276/113.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado, do 28.05.08, conformado polo concelleiro delegado do Área de Xestión Municipal, pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Modificar os contratos de subministración de consumibles informáticos adxudicados a Profinsa, Productos de Oficina e Informática S.A. por acordo da Xunta de goberno local de 16 de outubro de 2006 no sentido de incrementar o gasto proposto en 35000 euros.

O contratista terá que constituir unha garantía definitiva por importe de 1.400 euros e esta modificación terá que formalizarse nun contrato administrativo.

**24(1066).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA O PLAN DE PATROCINIOS E ASISTENCIA TÉCNICA ARTÍSTICA PARA A PROGRAMACIÓN DAS FESTAS DE VIGO. EXPTE. 2614/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 13.07.08, conformada pola xefa do servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a E-Cultura Net S.A. o procedemento negociado para a contratación da asistencia técnica para o plan de patrocinios e asistencia técnica artística para a programación das Festas de Vigo (expte. 2614-335) por un importe de 29.950 €. Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 29.04.08 e a oferta presentada.

**25(1067).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25.04.08 PARA A REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DA XESTIÓN DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL E DA CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 4150/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 24 de xuño emitido pola xefa de Patrimonio Histórico e conformado pola concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Corrixir o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión do 05.05.08, de xeito que o acordo quede redactado como segue: "*Autorizar disposición de crédito por importe de 2.920,32 euros na partida 4531.227.06.01, en execución do punto terceiro do prego de cláusulas administrativas para a contratación por concurso dos servizos de xestión do Centro de Artesanía Tradicional e da Casa do Cesteiro, adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 16 de outubro de 2006 á empresa "Van Divulgación Cultural, SL", con cargo á que se pagarán os incrementos derivados da revisión de prezos no período setembro 2006-outubro 2007.*"

Segundo.- Notificar este acordo ós servizos municipais interesados e ó consultor.

**26(1068).- RATIFICACIÓN DO CONVENIO ASINADO COA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA PARA INVESTIMENTOS EN ACTIVIDADES DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO. EXPTE. 4410/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 12.06.08 emitido pola xefa de Patrimonio Histórico e conformado pola concelleira delegada, visto o informe do titular da Asesoría Xurídica de data 25 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Ratificar o convenio asinado na data do 14 de maio de 2008 coa Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia para investimentos en actividades de posta en valor do patrimonio arqueolóxico co seguinte texto:

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA INVESTIMENTOS EN ACTIVIDADES DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO*

*Santiago de Compostela, 14 de maio de 2008*

**REUNIDOS:**

*Dunha parte, Da. Ánxela Bugallo Rodríguez, actuando en representación da Consellería de Cultura e Deporte, en virtude do seu cargo de concelleira, en exercizo das facultades que lle confire o artigo 34 da lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, así como o artigo 7 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*

*E doutra, o Sr. D. Santiago Domínguez Olveira, actuando en representación do Concello de Vigo, na súa condición de Tenente de Alcalde, en virtude da delegación de competencias efectuada por Resolución da Alcaldía do 5 de xullo de 2007.*

*As dúas partes, en nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,*

#### **EXPOÑEN:**

*I.- A Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado por lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, ten atribuídas competencias exclusivas en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico no seu ámbito territorial.*

*Na lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia (no seu título VIII.: "Das medidas de fomento"), dispónse que as administracións públicas concederán axudas para a conservación, recuperación, restauración e promoción do patrimonio cultural de Galicia.*

*II.- O Concello de Vigo, dentro do seu ámbito competencial, pretende o reforzamento e potenciación dos intereses particulares en materia cultural, entre os que destaca moi singularmente a conservación, protección e difusión do seu patrimonio cultural. Nesta liña de actuacións pretende poñer en valor o seu rico patrimonio arqueolóxico, que nos últimos anos están a ser obxecto de investigación mediante a realización de actuacións arqueolóxicas.*

*III.- Conscientes as dúas institucións da importancia desta actuación, consideran oportuno axuntar esforzos e colaborar conxuntamente en levar adiante as actuacións que sexan necesarias cara á protección e conservación do patrimonio cultural.*

*IV.- En virtude do exposto anteriormente e de acordo co principio de colaboración para ofrecer un mellor servizo ós fins públicos propios de cada Administración pública intervinde e sobre todo de conformidade co respecto mutuo ós ámbitos competenciais que corresponden a cada unha das partes segundo o ordenamento xurídico vixente, a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes*

#### **CLÁUSULAS**

*Primeira.- E obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura e Deporte dentro das liñas de actuación que en materia de conservación e protección do patrimonio cultural, están sinalados no seu programa de obxectivos, e o Concello de Vigo para a realización de investimentos destinados á posta en valor, mediante a execución dun proxecto museolóxico, co Castro de Vigo, e a creación de infraestruturas asociadas do xacemento romano de Toralla, que permitan a visita pública.*

*De acordo co artigo 26 da lei de Subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrència pública para a realización destas actividades, posto que o patrimonio arqueolóxico do Vigo urbano precisa das actuacións necesarias de posta en valor que permitan a súa visita pública, polo que está incluído na proposta anual de actuacións a desenvolver no patrimonio arqueolóxico de Galicia, en colaboración cos concellos, elaborada polo Servizo de Arqueoloxía, e cumpre con todos os criterios obxectivos fixados nesta programación.*

*Segunda.- A Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, contribuirá con cargo aos vixentes orzamentos da Comunidade Autónoma, na seguinte contía e aplicación orzamentaria:*

- *Importe: 42.000,00 €*
- *Aplicación orzamentaria: 12.03.433A.7600*

*O importe das subvencións percibidas para este proxecto non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illada ou en concorrència con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.*

*Terceira.- O beneficiario da axuda comprométese a:*

- Xestionará calquera modificación que xurda no desenvolvemento das actuacións, e porá a disposición desta actuación todos medios materiais, técnicos e humanos necesarios.
- Contratará todas as actuacións que sexan necesarias para o cumprimento dos obxectivos deste convenio con cargo á normativa reguladora de contratos das administracións públicas.
- O beneficiario da axuda consinte expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de Subvencións de Galicia.
- Contratará todos os proxectos de intervención que sexan necesarios, así como os medios que precise para o seu desenvolvemento.
- Solicitar, á Consellería de Cultura e Deporte, os informes e autorizacións que sexan preceptivos para a realización destas actuacións. Así mesmo o concello remitirá á consellería calquera outras autorizacións que sexan necesarias.

*Cuarta.- Noméase unha Comisión mixta de seguimento e control integrada por dous membros de cada unha das dúas partes. Esta Comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.*

*Quinta.- O pagamento pola Consellería de Cultura e Deporte das cantidades previstas na - cláusula segunda, levarase acabo logo da presentación da seguinte documentación:*

- *Xustificantes de gasto (facturas)*
- *Declaración, do órgano competente da entidade das actividades realizadas.*
- *Declaración, do órgano competente da entidade, de cada un dos gastos realizados para a realización das actividades, indicando que tales gastos teñen relación co obxecto do convenio (ANEXO I).*
- *Declaración responsable, expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique entidade concedente, data e importe total concedido (ANEXO II).*
- *Todos os documentos aportados deberán de ser orixinais ou copias compulsadas ante notario ou funcionario público.*

*En todo caso para o libramento da cantidade estipulada no presente documento será imprescindible informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura e Deporte, que se baseará nas inspeccións e comprobacións da realización dos labores previstos, así como na comprobación da entrega dos estudos e servizos requiridos .*

*Sexta.- A Consellería de Cultura e Deporte, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.*

*Sétima.- A Consellería de Cultura e Deporte non asume máis obriga que a de aportar a cantidade prevista na cláusula segunda do presente documento. A subscrición do presente convenio non leva consigo por si soa relación contractual algunha cos profesionais que realicen as actividades obxecto do dito convenio.*

*En todo o no previsto neste convenio, será de aplicación a Lei de Subvencións de Galicia e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, en canto non se opoña a esto. Ademais aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Oitava.- O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercizo das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ó Consello de Contas.*

*Ademais son obrigas do beneficiario todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia.*

*Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei de Subvencións de Galicia.*

Novena.- A vixencia do presente convenio iniciarase a partir do día seguinte ó da súa sinatura e rematará o 15 de novembro de 2008.

Décima.- O beneficiario queda obrigado a:

- a) Non alterar o destino da aportación.
- b) Realizar a correspondente execución segundo o proxecto ou memorias valoradas e autorizadas pola Consellería de Cultura e Deporte
- c) Admitir as inspeccións e controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura e Deporte.
- d) A efectuar a xustificación do gasto na forma preceptuada, facultándose aos servizos técnicos da Consellería de Cultura e Deporte para determinar o correcto cumprimento desta esixencia.
- e) No caso de que a entidade beneficiaria concerte con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto deste convenio, estarase ó disposto polo artigo 27 da Lei de Subvencións de Galicia.

Decimo primeira.- Ademais das xerais, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) As desviacións de fondos aportados para outro fin distinto do que motivou o outorgamento do convenio.
- b) A falta de xustificación do emprego das contías recibidas.
- c) O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no dito convenio.

Décimo segunda.- O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución, serán resoltas pola Comisión Mixta. As partes quedan suxeitas a Xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

#### ANEXO I. DECLARACIÓN DE GASTOS

D. xxx, na súa calidade de xxx da entidade xxx, certifica que os gastos que de seguido se relacionan teñen relación directa co convenio asinado coa consellería de Cultura e Deporte con data xxx para xxx.

CONCEPTO	EMPRESA	DATA	IMPORTE

E para que conste asino este escrito en xxx, a xxxx

#### ANEXO II

DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓN E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

D/Dña \_\_\_\_\_ con  
DNI , \_\_\_\_\_ en nome e representación da entidade , \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_

A) DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que para a seguinte actuación, \_\_\_\_\_ a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE €	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE €	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se acha incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura e Deporte, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 200\_.

**27(1069).- DELEGACIÓN DE COMPETENCIA DE APROBACIÓN DAS AXUDAS CONCEDIDAS POLA OFICINA DE REHABILITACIÓN DA VIVENDA NO CASCO VELLO E NO BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS. EXPTE. 3199/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta delegada de Patrimonio Histórico, do 26.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

O 18 de xuño pasado a directora da Oficina Mpal. de Rehabilitación da Vivenda puso de manifesto a súa forte preocupación pola demora na recepción dos certificados dos acordos da Xunta de Goberno emitidos como consecuencia das propostas realizadas desde a citada Oficina Municipal. Este retraso poñe en perigo, según manifesta a máxima responsable da Oficina, o cumprimento dos acordos asignados coas Administracións que financian as axudas de rehabilitación de vivendas sitas nos Cascos Históricos de Vigo e de Bouzas.

A Oficina de Rehabilitación da Vivenda está xestionada a través dunha asistencia técnica contratada pola Xerencia Municipal de Urbanismo. É o orzamento deste Organismo Autónomo o que consigna o custo deste contrato e o das propias axudas concedidas ós particulares. Impútanse tamén a dito orzamento as transferencias realizadas pola Administración estatal e a autonómica a favor do Concello de Vigo para financiar as axudas de rehabilitación de vivendas sitas nos citados ámbitos.

En aras de conquistar unha maior eficacia na tramitacións das citadas axudas, propónse a Xunta de Goberno Local, de conformidade con previsto no artigo 127.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte acordo:

*“Delegar a competencia de aprobación das axudas concedidas pola Oficina de Rehabilitación da Vivenda nos Cascos Históricos de Vigo e Bouzas no Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**28(1070).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN CORRESPONDENTES AO MES DE MAIO DE 2008. EXPTE. 18326/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 30.06.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Huamnos,d o 25.06.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 6.781,56 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, Vías e Obras, OSPIO-Vías e Obras-Control Concesionarias, Seguridade, Educación, Participación Cidadá, Parque Mobil, Benestar Social, Conserxería, Sanidade, Inspección de Tributos e Igualdade-Muller, con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servicio	Total
4420	Limpeza	192,85
5110	OSPIO-Vías e Obras-Control Concesionarias	3.406,07
2220	Mobilidade e Seguridade	866,78
4220	Educación	310,46
4631	Participación Cidadá	34,85
1212	Parque Mobil	260,61
3130	Benestar Social	48,03
4123	Sanidade	205,20
1210	Conserxería	532,76
4632	Muller	86,17
6110	Inspección Tributos	837,78
	<b>TOTAL</b>	<b>6.781,56</b>

**29(1071).- PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2008. EXPTE. 18305/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 30.06.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Huamnos, do 11.06.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, corresponde aboar a D Antonio Amoedo Garcia, D Javier Fenandez Riveiro e D Antonio Gil Gonzalez, que figura na relación adxunta no expediente e que supón un total de 97.57 €, correspondente o mes de Abril 2008 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**30(1072).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO PERÍODO XANEIRO-MAIO 2008. EXPTE. 18295/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 30.06.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 25.06.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de DECEMBRO 2007 (Vías e Obras) XANEIRO e MAIO 2008 con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	Relacion
Alcaldía	xaneiro 07	228,00	de Basilio Costas Fernandez a Cesareo Rocha Parames
Conserxería	xaneiro 07	85,00	Vaqueiro Herbello M Teresa
Montes, Parques e Xardíns	xaneiro 07	208,00	De Alfonso Casas Iglesias D Adolfo Troncoso Campos
O.S.P.I.O.	xaneiro 07	57,00	De Matilde Viñas Jose Eugenio a Ferro Mancho Angel
Vías e Obras	xaneiro 08	41,00	De Barciela Simon Benito a Oujo Gerut Ventura
Vías e Obras	xaneiro 08	110,00	De Amoedo Mosquera a Martinez Gonzalez Jose Manuel
Vías e Obras	decembro 07	106,00	De Amoedo Mosquera a Martinez Gonzalez Jose Manuel
Vías e Obras	xaneiro 08	54,00	De Ramon Vazquez Rial a Ricardo Lobato Cameselle
1ª Tenencia Alcaldía (Asistencia Xulgados)	maio 08	8,00	Jose Luis Perez Costas
1ª Tenencia Alcaldía	maio 08	145,00	De Alonso Rodriguez Juan Pablo a Perez Costas Jose Luis
Bombeiros	xaneiro 08	1.081,00	De Abreu Torres Francisco J a Villar Dominguez Manuel
Biblioteca Central	xaneiro 08	15,00	Romero Falque Xose Lois
Policía Local	maio 08	666,00	De Jose Luis Alonso Moreira a Francisco Jose Vila Campos
Policía Local (Xulgados)	maio 08	1.024,00	De Constante Alonso Caride a Francisco Jose Vila Campos
desinfeccion	xaneiro 08	250,00	De Araujo Rodriguez M salome a Sous Atrio Jose Manuel
parque central	xaneiro 08	85,00	De Alonso Alonso Miguel Angel a Mariño Sanroman Roberto
Paque Mobil	xaneiro 08	688,15	De Alvarez bernardez Amador a Prieto Dominguez Florentino
		4.851,15	

O montante do presente expediente ascende a un total de 41360.73 € .

**31(1073).- BASES RECTORAS PARA A PROVISIÓN INTERINA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A AUXILIAR DE BIBLIOTECAS. EXPTE. 18309/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta do técnico de organización, de data 12.06.2008, co conforme da xefa da Área de Réxime Interior e co conforme do concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Declarar a urxencia na provisión con carácter interino dunha praza de técnico auxiliar de bibliotecas, encadrada no subgrupo C1 de titulación (antigo grupo C), escala de Administración especial, subescala técnica, clase auxiliar, motivada nas necesidades do Servizo de Bibliotecas, onde se encadra unha praza vacante e o correspondente posto de traballo con idéntica denominación.

Segundo.- Dar aprobación ás bases específicas rectoras do proceso selectivo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordeando a súa urxente publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

ANEXO

**“BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO DUNHA PRAZA VACANTE DE TECNICO/A AUXILIAR DE BIBLIOTECAS”**

**I.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL**

a) *Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.*

b) *Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.*

c) *Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.*

d) *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*

e) *Estar en posesión do título de Bacharelato Superior, FP-2º Grao ou equivalente, titulación esixida para o acceso á praza segundo o vixente Cadro de Persoal Orzamentario e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/05/2005 e publicada no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005.*

*Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto.*

*En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou equivalente).*

*Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.*

## **II.-SISTEMA DE SELECCION**

*O procedemento selectivo será o de oposición libre.*

## **III.-EXERCICIOS DA OPOSICION**

*Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.*

*Consistirá en contestar un cuestionario tipo test con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o programa que figura como anexo a estas bases. O número de preguntas non poderá ser inferior a vinte, e a duración da proba será fixada polo Tribunal antes de iniciar o exercicio.*

*Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.*

*Segundo exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio, consistirá na redacción dos asentos bibliográficos de dúas monografías impresas. O asento constará de:*

- *Catalogación dacordo coas Reglas de catalogación. Ed. nuevamente rev. Madrid : Ministerio de Cultura, Centro de Publicaciones, 1999 (preferentemente esta edición).*
- *Descrición bibliográfica en Formato IBERMARC para registros bibliográficos. 6ª ed. Madrid : Biblioteca Nacional , 2001 (preferentemente esta edición).*
- *Encabezamentos de materias que se redactaran dacordo coa Lista de encabezamientos de materia para las bibliotecas públicas. 2ª ed. Madrid : Dirección General del Libro y Bibliotecas, D.L. 1995 (preferentemente esta edición).*

*As/os aspirantes á proba deberán vir provistos da bibliografía referenciada.*

*Proporcionarase a cada aspirante formularios para cumprimentar a descrición bibliográfica e xogo de fotocopias das páxinas representativas das monografías a catalogar.*

*O tempo para a realización deste exercicio será dun máximo de 90 minutos.*

*Avaliaráse de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.*

*Terceiro exercicio.- Obrigatorio, aínda que non eliminatorio.*

*Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, a determinar polo Tribunal co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.*

*O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.*

O Tribunal poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Unha vez rematadas as probas selectivas, nomearase funcionario/a interino/a o/a aspirante que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas.

#### IV.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 10 días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.

#### V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase no BOP. A lista de admitidos e excluídos e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboeiro de Edictos do Concello de Vigo, publicándose no taboeiro de anuncios do Concello os lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no BOP.

#### VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral ou especial do Concello de Vigo, encadrado no subgrupo A1 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala administración xeral, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vocais:

-Un funcionario/a de carreira deste Concello ou de calquera outro concello da provincia, integrado no subgrupo C1 de titulación, con título de Bacharelato Superior, FP-2 ou equivalente, que comparecerá en todo caso a título individual.

-Dous funcionarios/as do Concello de Vigo intregados no subgrupo C1 de titulación, que dispoñan do título de Bacharelato Superior, FP2 ou equivalente, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes. Os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

O órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun funcionario/a da Unidade de Persoal do Concello, con funcións de apoio ao Tribunal e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquél e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerase no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

#### VII.- NOMEAMENTO

O/a aspirante proposto/a será nomeado/a funcionario interino/a, cesando automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza ás que se adscriba ó/a interesado/a previa resolución do procedemento público que a tales efectos se convoque e, no que necesariamente deberá incluírse a mesma, nos termos dispostos no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

O/a candidato/a nomeado/a percibirá as retribucións correspondentes á praza de Técnico/a auxiliar de bibliotecas, cód. 101, encadrado no subgrupo C1, escala de administración especial, subescala técnica, clase auxiliar, concretadas no posto de traballo de igual denominación (código 334.02) do vixente cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, vacante no Servizo de Bibliotecas, partida funcional 451.1, do orzamento vixente.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino (para o caso de producirse novas vacantes) ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008).

#### T E M A R I O

##### BLOQUE I: PARTE XERAL

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.
- Tema 3.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.
- Tema 4.- Organización municipal. Competencias.
- Tema 5.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacions e notificacións.

##### BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA

- Tema 1. - Concepto e misión da biblioteca. Clases de bibliotecas.
- Tema 2. - Bibliotecas nacionais: concepto, funcións e servizos.
- Tema 3. - Bibliotecas públicas: concepto, funcións e servizos.
- Tema 4. - Bibliotecas universitarias: concepto, funcións e servizos.
- Tema 5. - Bibliotecas especializadas: concepto, funcións e servizos.
- Tema 6.- Adquisición de fondos. Procedementos de incremento dos fondos bibliotecarios.
- Tema 7.- Proceso técnico de fondos bibliotecarios: catalogación, normalización e formato MARC.
- Tema 8. - Os catálogos. Concepto, evolución e tendencias actuais de recuperación da información.
- Tema 9. - Linguaxes documentais e indización. Descritores, tesauros e encabezamentos de materias.
- Tema 10. - Sistemas de clasificación bibliográfica: concepto y tipos de sistemas.
- Tema 11. - Biblioteconomía dixital. A biblioteca virtual.
- Tema 12. - Recursos en Internet para as bibliotecas.

- Tema 13. - *Servizos aos usuarios: orientación e atención; información e referencia bibliográficas.*  
 Tema 14. - *Servizos de formación de usuarios, extensión bibliotecaria e cultural.*  
 Tema 15. - *A colección local nas bibliotecas. Organización e servizos.*  
 Tema 16. - *Acceso aos fondos bibliotecarios: consulta, acceso directo, préstamo e préstamo interbibliotecario.*  
 Tema 17. - *A cooperación bibliotecaria en España. Sistemas e redes.*  
 Tema 18. - *Organización bibliotecaria española.*  
 Tema 19. - *Organización bibliotecaria de Galiza.*  
 Tema 20. - *Organismos internacionais ao servizo das bibliotecas e da documentación.*  
 Tema 21. - *Lexislación do Estado en materia bibliotecaria.*  
 Tema 22. - *Lexislación da Comunidade Autónoma de Galiza en materia bibliotecaria.*  
 Tema 23. - *Evolución histórica da bibliografía. Tipos de bibliografías.*  
 Tema 24. - *Fontes bibliográficas e documentais para o estudo da cultura galega.*  
 Tema 25. - *A normalización da identificación bibliográfica. ISBD, ISBN, ISSN e outros identificadores.*  
 Tema 26. - *Historia do libro en Galiza dende a invención da imprenta ata o século XVIII inclusive.*  
 Tema 27. - *Historia do libro en Galiza nos séculos XIX e XX.*  
 Tema 28. - *A lingua galega: normativa fundamental para a súa utilización dentro da Administración Pública.*  
 Tema 29. - *Situación social e cultural de Galiza. As claves históricas e actuais.*  
 Tema 30. - *A edición e o mundo do libro na Galiza actual.*

**32(1074).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN MÉDICO E DUN AUXILIAR DE LABORATORIO PARA A UNIDADE ASISTENCIA DE DROGODEPENDENCIAS (CEDRO). EXPTE. 18318/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta do técnico de organización, de data 12.06.2008, co conforme da xefa da Área de Réxime Interior, e do informe de fiscalización do técnico de Intervención co conforme do Interventor Xeral, de data 26.06.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

“**Primeiro.**- Declara-la urxencia para proceder á contratación laboral temporal por acumulación de tarefas dun/dunha médico/a, e dun/dunha auxiliar de laboratorio para cubrir o periodo vacacional dos titulares dos referidos postos de traballo.

**Segundo.**- Se proceda a solicitude, a través do correspondente anuncio nun dos diarios de mais difusión da localidade, para cubrir o periodo vacacional do persoal da Unidade Asistencia de Drogodependencias “CEDRO”, que resposten as seguintes características:

Posto de Traballo: Médico

Titulación esixida: Licenciado/a en medicina.

Duración do contrato: 30 días (16/07/08 ó 01/08/08, e do 17/08/08 ó 29/08/08).

Valorarase ó curriculum e a experiencia con drogodependentes.

Posto de Traballo: Auxiliar de Enfermería ou Clínica, de unidades especiais e de Saúde Mental.

Titulación: Os/as interesados/as deberán estar en posesión das titulacións dos ciclos formativos de grao medio de técnicos en coidados auxiliares de enfermería, téndose en conta o disposto sobre equivalencias e vixencias das titulacións contempladas na Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación.

Duración do contrato: 67 días (01/07/08 ó 19/08/08 e 01/11/08 ó 17/11/08).

Valorarase experiencia con drogodependentes, en unidades especiais e de saúde mental.

O prazo de presentación de instancias, será de tres días hábiles contados a partir da súa publicación na prensa local. As solicitudes, acompañadas dos correspondentes curriculum-vitae, copia compulsada do D.N.I. e da titulación esixida, e vida laboral actualizada, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

Terceiro.- Que por una comisión de valoración composta polo Xefe da área de Benestar Social ou técnico en quen delegue –que actuará como Presidente-, dous traballadores do Concello de Vigo, propostos polo Concelleiro-delegado da área de xestión municipal e a Xefa da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretaria/o-, unha vez realizada a entrevista ós /as aspirantes admitidos e tra-lo examen do curriculum, propoña un candidato/a para cada un dos postos ofertados, co obxecto de formaliza-la súa contratación, podendo esixirse a realización dunha proba oral ou escrita de carácter práctico, sobre o contido das tarefas propias do posto de traballo.

A comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados/as por orde de puntuación.

Cuarto.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos cos/coas candidatos/as propostos pola citada Comisión de Valoración, unha vez resolta a selección, baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, sempre en tanto non implique superación do límite legal establecido polo Real Decreto Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do 14 de xuño de 2006, vixente a tales efectos dende o 1 de xullo de 2006.

Os aspirantes seleccionados, unha vez formalizen os seus contratos realizarán as tarefas propias do seu posto de traballo como Médico e Auxiliar de laboratorio, respectivamente, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos os que substitúen.

Quinto.- A xornada laboral desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-, coa excepción do período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, no que a xornada será de 07,45 a 14,00 horas En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Sexto.- Será de aplicación ó disposto no Real Decreto-Ley 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, que modifica a lexislación laboral, o cal pretende evitar e prevenir a utilización abusiva de contratos de duración determinada e en concreto ó disposto no capítulo II que modifica o apartado 5 do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, no relativo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuales de duración determinada”.

**33(1075).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUN TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVOS, POLO PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 18315/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta do técnico de organización, de data 12.06.2008, co conforme da xefa da Área de Réxime Interior, e do informe de fiscalización do técnico de Intervención co conforme do Interventor Xeral, de data 26.06.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento dun/dunha funcionario/a interino por acumulación de tarefas, como Técnico/a Medio de Arquivos, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- Dar aprobación ás bases específicas rectoras do proceso selectivo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordeando a súa urxente publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

#### ANEXO

**“BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA TECNICO/A MEDIO/A DE ARQUIVOS”**

#### **I.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL**

a) *Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.*

b) *Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.*

c) *Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.*

d) *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*

e) *Estar en posesión do título de Diplomado Universitario ou equivalente, titulación esixida para o acceso á praza similar (técnico medio biblioteca) segundo o vixente Cadro de Persoal Orzamentario e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/05/2005 e publicada no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005.*

*Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto.*

*En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou equivalente).*

*Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se*

regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

## II.-SISTEMA DE SELECCION

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

## III.-EXERCICIOS DA OPOSICION

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o programa que figura como anexo a estas bases. O número de preguntas non poderá ser inferior a corenta, e a duración da proba será fixada polo Tribunal antes de iniciá-lo exercicio.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o/a opositor/a que non acade un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio, consistirá en desenvolver un suposto práctico relacionado co temario específico, no tempo de realización que acorde o tribunal cualificador.

Para a realización desta proba a Unidade de Persoal facilitará aos candidatos/as información concreta sobre o desenvolvemento desta proba.

Avaliaráse de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Terceiro exercicio.- Obrigatorio, aínda que non eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, a determinar polo Tribunal co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

O Tribunal poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Unha vez rematadas as probas selectivas, a Comisión de Valoración propondrá o/a candidato/a que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas, para o seu nomeamento como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas.

## IV.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 3 días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local . Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.

## V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase nun dos diarios de maior difusión deste Concello, por motivos de axilidade. A lista de admitidos e excluídos e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboeiro de Edictos do Concello de Vigo, publicándose no taboeiro de anuncios do Concello os lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no BOP.

## VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

*Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-, podendo acordar o nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.*

*Presidente/a:*

*-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral ou especial do Concello de Vigo, encadrado no subgrupo A1 de titulación.*

*Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.*

*Secretario/a:*

*-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala administración xeral, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.*

*Vocais:*

*-Un funcionario/a de carreira deste Concello, integrado no subgrupo A2 de titulación, con título de Diplomado/a Universitario/a ou equivalente, que comparecerá en todo caso a título individual.*

*-Dous funcionarios/as do Concello de Vigo integrantes do subgrupo A2 de titulación, que dispoñan do título de Diplomado/a Universitario/a ou equivalente, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.*

*Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes. Os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.*

*O órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun funcionario/a da Unidade de Persoal do Concello, con funcións de apoio ao Tribunal Cualificador e baixo as instrucións directas do mesmo.*

*Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquél e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.*

*A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerase no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.*

*Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino polas circunstancias previstas nos apartados b), c) e d) do artigo 10.1 da Ley 7/2007, ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008).*

## TEMARIO

### **BLOQUE I: PARTE XERAL**

- Tema 1.- *A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.*  
Tema 2.- *O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.*  
Tema 3.- *O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.*  
Tema 4.- *Organización municipal. Competencias.*  
Tema 5.- *O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacions e notificacións.*

### **BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA**

- Tema 1.- *Arquivística e arquivo. Concepto. Principios da arquivística. O documento: caracteres e clases de documentos.*  
Tema 2.- *A organización no tratamento arquivístico. Sistemas de clasificación e ordenación.*  
Tema 3.- *A descrición arquivística. Instrumentos resultantes. A normalización da descrición. Norma ISAD(G) e Norma ISAAR(CPF), EAD e EAC.*  
Tema 4.- *Reproducción de documentos: sistemas, normas e aplicacións.*  
Tema 5.- *Os arquivos históricos xerais. Os arquivos das reais chancelarías.*  
Tema 6.- *Os arquivos históricos provinciais. O arquivo do Reino de Galicia.*  
Tema 7.- *Os arquivos das administracións autonómicas e locais. Os arquivos universitarios. O caso galego.*  
Tema 8.- *Os arquivos privados. Arquivos eclesiásticos, familiares e económicos. O caso galego.*  
Tema 9.- *O patrimonio documental en España e o patrimonio documental en Galicia. Lexislación.*  
Tema 10.- *Os sistemas de escritura de documentos do século X ao XVIII.*

### **34(1076).- CONCESIÓN DE AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 18313/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da técnica de Recursos Humanos, do 16.06.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xesitón municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autoriza-lo abono, en concepto de axudas especiais, con cargo ao Fondo de Acción Social, por importe total de 3.057,00 € (TRES MIL CINCUENTA E SETE EUROS), ós empregados municipais que se relacionan:

APELIDOS E NOME	DNI	Nº PERSOAL	EUROS
Alonso Rodríguez, Alfonso	36.026.596	13764	720,00
Alonso Rodríguez, Enrique	36.085.619	79370	716,00
Codesido Rodríguez, José F.	36.081.823	19399	184,00
Mariño Villanueva, Julia	36.045.806	22361	384,00
Vieitez Oitabén, M <sup>a</sup> José	36.084.439	21479	1.053,00
SUMA TOTAL			3.057,00

Segundo.- Denegar aos seguintes empregados as solicitudes de axudas por considerar a comisión que son axudas socio-sanitarias e non especiais:

- Carballo Acuña, Alberto
- Expósito Olalla, Lidia



**36(1078).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES CRESPO POR OBRAS DE CANALIZACIÓN DE TELECOMUNICACIONES NO PERI ROCIO. EXPTE. 55972/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do negociado de Vías e Obras, do 30.06.08, conformado pola ocnelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Vista a solicitude de devolución formulada por CONSTRUCCIONES CRESPO S.A., de data 23-06-08, en relación a fianza constituída en data 04/03/08, para responder dos danos que pudesan ocasionarse por execución de obras de canalización de telecomunicacións na rúa Tomás Paredes, constando copia do mesmo no presente expediente.*

*Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 26 de xuño de 2008, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que:*

*PROPONSE*

*Proceder a devolución da fianza en metálico a CONSTRUCCIONES CRESPO, constituída na data reseñada, polo importe de 63,24 euros.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**37- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES CRESPO POR OBRAS DE CANALIZACIÓN ELÉCTRICA PERI ROCIO. EXPTE. 55973/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do negociado de Vías e Obras, do 30.06.08, conformado pola ocnelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Vista a solicitude de devolución formulada por CONSTRUCCIONES CRESPO S.A., de data 23-06-08, en relación a fianza constituída en data 04/03/08, para responder dos danos que pudesan ocasionarse por execución de obras de canalización eléctrica na rúa Tomás Paredes, constando copia do mesmo no presente expediente.*

*Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 26 de xuño de 2008, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que:*

*PROPONSE*

*Proceder a devolución da fianza en metálico a CONSTRUCCIONES CRESPO, constituída na data reseñada, polo importe de 66,83 euros.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**39(1079).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 54351/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 20.06.08, con fiscalización de data 24.06.08 e a conformidade do Interventor, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar á Unión Temporal de Empresas formada por Movexvial, S.A. (65% de participación) Gruporaga S.A. (35% de participación) o concurso aberto para a contratación da execución das obras de acondicionamento, mantemento e conservación das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (Expte 54351-250) por un prezo do contrato de 2.750.000 euros, e as seguintes melloras:

- Desconto porcentual único do 18% respecto do cadro de prezos unitarios.
- Prazo de garantía da obra de 84 meses.
- Porcentaxe do 3% da execución material destinada a control de calidade.
- Incrementa o persoal mínimo esixido en 6 capataces ou xefes de equipo, 14 oficiais primeira, 2 oficiais segunda e 13 peóns.
- Destina 24.847 euros para a realización dunha primeira inspección dos viais.
- Aporta vehículo todoterreo a disposición dos técnicos municipais.
- Destina 36.235,50 para un estudo de accesibilidade.
- Web informativa por importe de 24.295 euros.
- Actualización da cartografía no casco urban ata un máximo de 150 Ha, con voo aéreo e restitución por valor de 298.166,40 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno do 07-04-2008 e a oferta presentada ”

**40(1080).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO BARRIO DE BOUZAS FASE I (ALAMEDA SUÁREZ LLANOS). EXPTE. 54499/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación de data 20.06.08, fiscalizada con data 27 do mesmo mes e coa conformidade do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Sercocosa, Proyectos y Obras, S.A.” o concurso aberto para a contratación da execución das obras de humanización do barrio de Bouzas, Fase I (Alameda Suárez Llanos) (Expte 54499-250), por un prezo de 449.922 euros, un prazo de garantía da obra de 66 meses, un prazo de execución de 4 meses e un importe destinado ó control de calidade de 14.025,12 euros. Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 14.04.2008 e a oferta presentada.

**41(1081).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DE BALAIÓDOS FASE I (RÚA EUGENIO KRAFF). EXPTE. 54488/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación de data 20.06.08, fiscalizada con data 27 do mesmo mes e coa conformidade do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a Oresa, S.L. o concurso aberto para a contratación da execución das obras de humanización do contorno de Balaídos Fase I (rúa Eugenio Kraff) (Expte 54488-250), por un prezo de 173.275,94 euros, un prazo de garantía da obra de 66 meses, un prazo de execución de tres meses e medio e un importe destinado ó control de calidade de 4.493,77 euros. Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno do 14.04.2008 e a oferta presentada

**42(1082).- AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO CASCO VELLO DE VIGO E BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS:**

**A) RÚA SANTO CRISTO 3, 2º. EXPTE. 369/431.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 16.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmovible localizado en PRAZA DE SANTO CRISTO (RUA) 003, a Emilia Pérez González con NIF 35989492N das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 23 de abril de 2007 (3ª Fase) ) anualidade 2007 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder á solicitante Emilia Pérez González, a axuda de 3539,14 euros que será financiada polo Ministerio de Vivenda na cantidade de 2500 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 1039,14 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

**B) RÚA PEDRA 7, 1º A. EXPTE. 370/431.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 16.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda do inmovible localizado en Pza./ PEDRA 7, 1ºA, a Socorro Alvar Salgado con NIF. 14503725V das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 23 de abril de 2007 (8ª Fase) anualidade 2009 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, Socorro Alvar Salgado axuda proposta de 9.725,52 que será financiada polo Ministerio de Vivenda en 5.557,44 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 4.168,08 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

**C) RÚA ABELEIRA MENENDEZ 1. EXPTE. 371/431.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 16.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación dos elementos comúns do inmoebel localizado en R./ ABELEIRA MÉNENDEZ 1, das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 23 de abril de 2007 (8ª Fase) anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	AXU MAX	AXU PROP	CVS	MV
Carmen Ledo Pardo	R./ ABELEIRA MÉNENDEZ 1, 0 -	35817499J	32.430,31	7.000,00	7.000,00	5.500,00	1.500,00
Mª Teresa Baliño Nogueira	R./ ABELEIRA MÉNENDEZ 1, EED	35928071R	11.384,85	7.000,00	7.000,00	3.000,00	4.000,00
Silvia Filgueira Rodríguez	R./ ABELEIRA MÉNENDEZ 1, 3ºD	36023168Q	6.321,31	7.000,00	4.424,91	1.896,39	2.528,52
Mª Teresa Troncoso Saracho	R./ ABELEIRA MÉNENDEZ 1, 4ºE	76892336R	5.887,27	7.000,00	4.121,09	1.766,18	2.354,91
TOTAL			56.023,74	28.000	22.546	12.162,57	10.383,43

SEGUNDO.- Conceder aos solicitantes, a axuda proposta que será financiada polo Ministerio de Vivenda e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidades descritas no cadro.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

**D) RÚA FERREIROS 33, 1º. EXPTE. 374/431.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 13.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmoebel localizado en PRAZA DE FERREIROS (RUA) 033, a Fernando Rubén Lopez Mera con NIF 36.126.290-Y das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 28 de novembro de 2007 (4ª Fase) anualidade 2007 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante Fernando Rubén Lopez Mera, a axuda de 5071,56 euros que será financiada polo Ministerio de Vivenda na cantidade de 3571,56 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 1500 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

#### **E) RÚA TOMÁS A. ALONSO, 192. EXPTE. 375/431.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 17.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmovible localizado en TOMAS A ALONSO (RUA) 192, segundo o cadro axunto, das obras executadas ao abeiro dos Convenios entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinados o 27 de abril de 2006 (2ª Fase anualidade 2008) e o 8 de novembro de 2007(4ª fase anualidade 2008).

SEGUNDO.- Conceder aos solicitantes, as axudas propostas que serán financiadas polo Ministerio de Fomento e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades sinaladas no cadro.

Nome e apelidos	DNI/NIF	Situación	P.aceptado IGVS	Axuda máx.	Axuda proposta €	Min. Fom.	CVS	fase
María Consuelo Pérez Veiga	36.010.743 -B	TOMAS A ALONSO (RUA) 192, 1	3798,93	7000	2659,25	1559,25	1100	4
María Dolores Veiga López	36.076.711 -S	TOMAS A ALONSO (RUA) 192, 2	3798,93	7000	2659,25	1559,25	1100	2
Celia Veiga Domínguez	35.831.618 -X	TOMAS A ALONSO (RUA) 192 –	3798,93	7000	2659,25	1559,25	1100	4
Elena María Veiga Quintela	36.094.955 -C	TOMAS A ALONSO (RUA) 192,4	3798,93	7000	1709,51	1000	709,51	2
TOTAL			15195,72	28000	<b>9687,26</b>	<b>5677,75</b>	<b>4009,51</b>	

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

#### **F) PRAZA SUAREZ LLANOS, 11. EXPTE. 377/431.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 20.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmoble localizado en SUAREZ LLANOS (PRAZA) 011, segundo o cadro axunto, das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase anualidade 2008) e 23 de abril de 2007 (3ª Fase anualidade 2007).

SEGUNDO.- Conceder aos solicitantes, as axudas propostas que serán financiadas polo Ministerio de Fomento e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades sinaladas no cadro.

Nome e apelidos	DNI/NIF	Situación	P.aceptad o Consell viv. e solo	Axuda máx.	Axuda proposta € *	Min. Viv.	Consell. viv. e solo	Fase
Benito Moreira González	35.234.010- B	SUAREZ LLANOS 011 0- E	5270,92	7000	3689,64	2200	1489,64	3
Pilar Veiga Fontán	35.892.430- X	SUAREZ LLANOS (PRAZA) 11 1-D	5600,35	7000	3920,24	2300	1620,24	2
Manuel Villanueva Márquez	36.008.733- W	SUAREZ LLANOS (PRAZA) 11 2-D	5600,35	7000	3920,24	2300	1620,24	2
María Natividad Márquez Veiga	31.131.357- Y	SUAREZ LLANOS (PRAZA) 11 2-E	5600,35	7000	3920,24	2300	1620,24	2

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

**G) PRAZA SUAREZ LLANOS 11, 1º E. EXPTE. 378/431.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 20.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmoble localizado en PRAZA DE SUAREZ LLANOS (PRAZA) 011, a María del Carmen Romero Fadrique con NIF 36.006.487-X das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase) anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante María del Carmen Romero Fadrique, a axuda de 14882,58 euros que será financiada polo Ministerio de Vivenda na cantidade de 9300 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 5582,58 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

**H) RÚA TOMÁS A. ALONSO 293, 1º. EXPTE. 379/431.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 24.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmovible localizado en PRAZA DE TOMAS A ALONSO (RUA) 293, a Hipólito Pérez Rodal con NIF 36.031.763-D das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 23 de abril de 2007 (3ª Fase) anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante Hipólito Pérez Rodal, a axuda de 12000 euros que será financiada polo Ministerio de Vivenda na cantidade de 7000 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 5000 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

**I) RÚA POBOADORES 56, 21. EXPTE. 380/431.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 20.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmovible localizado en PRAZA DE TOMAS A ALONSO (RUA) 293, a Hipólito Pérez Rodal con NIF 36.031.763-D das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 23 de abril de 2007 (3ª Fase) anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante Hipólito Pérez Rodal, a axuda de 12000 euros que será financiada polo Ministerio de Vivenda na cantidade de 7000 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 5000 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

**43(1083).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN AO ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA “UA 2 PENÍS DE ARRIBA-CABRAL”. EXPTE. 4642/401.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do 18.06.08, asinado polo técnico de Admón. Xeral e polo arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

*En data 06.06.1997 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle do polígono "UA 2 Penís de Arriba" (Cabral) (Expte. 4115/411)*

*No 18.03.1999 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación dese polígono (expte. 4023/401, BOP núm. 2, do 05/01/1999).*

*O 24.08.2000 constituíuse a Xunta de Compensación, mediante Escritura Pública outorgada perante o notario D<sup>a</sup> Esperanza Molina Sueiro co núm. 1.974 do seu protocolo. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión de 9.11.00 acordou aprobar dita constitución (expte. 4254/401).*

*A Xunta de goberno local o 7.04.08 acordou o seguinte: “(...) PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de compensación da UA 2 <Penís de Arriba> formado polos documentos descritos no punto segundo do presente informe proposta. SEGUNDO.- Inadmitir a alegación por extemporánea presentada por dona Dolores Barciela Martínez <data de presentación 23.01.08 e doc número 80009329> (...)”.*

*Notificado o presente acordo ós interesados, dona Dolores Aurora Barciela Martínez presenta o 15.05.08 (doc número 80060930) recurso de reposición.*

*Outorgado o correspondente trámite de audiencia, don Regino Giráldez Boo, como presidente da Xunta de Compensación da “UA 2 Penís de Arriba” presenta alegacións ó recurso de reposición presentado.*

*En data 10.06.08 a arquitecta da oficina de planeamento e xestión, elaborou informe no que se constata o seguinte: “(...) Emítase informe sobre o recurso de reposición interposto ao Proxecto de Compensación da U.A.2 Penís de Arriba Cabral, presentado na Xerencia de Urbanismo por Dña Dolores Aurora Barciela Martínez. No escrito presentado por Dña Dolores Aurora Barciela Martínez, esta manifesta a súa disconformidade coas parcelas adxudicadas no proxecto de compensación. A alegante manifesta que é propietaria da parcela de orixe nº25, pola que se lle adxudican as parcelas de resultado 10 e 21. Manifesta a alegante que a parcela 10 atópase moi alonxada da súa parcela de orixe. Solicita que se lle adxudique unha parcela próxima á parcela de orixe. Tras examinar o proxecto de compensación pódese comprobar que á alegante se lle adxudican, efectivamente, as parcelas 10 e 21. Ditas parcelas teñen asignada una edificabilidade de 207,939 e 237,561 m<sup>2</sup> respectivamente, o que supón unha edificabilidade de 445,50 m<sup>2</sup> en total, que é exactamente a edificabilidade á que ten dereito a alegante. Na alegación presentada pola xunta de compensación xustifícase a adxudicación da parcela 10, xa que aínda que non está próxima á de orixe, fíxose para evitar as situacións de proindivisos e que a edificabilidade asignada a cada parcela realizouse de xeito que fose proporcional á superficie de solo. Con todo a alegante ten razón ao afirmar que a parcela 10 está moi alonxada da súa parcela de orixe. Polo que se fai a comprobación coas parcelas de resultado 22 e 16, que teñen asignada 236,752 e 208,485 m<sup>2</sup> respectivamente, o que supón en total 445,237 m<sup>2</sup> o que supón 0,263 m<sup>2</sup> menos da edificabilidade á que ten dereito. A adxudicación das parcelas 22 e 16 é máis axeitada se temos en conta a situación da parcela de orixe da alegante. A pequena diferenza que se produce pódese subsanar, ou asignando 0,263 m<sup>2</sup> máis a calquera das parcelas de resultado 16 ou 22 (e polo tanto reducendo na mesma medida ou a 10 ou a 21) ou mediante a valoración dos 0,263 m<sup>2</sup> de edificabilidade adxudicada a menos, e descontando a cantidade dos gastos de urbanización correspondentes a alegante (...)”.*

**FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

1.- Admisibilidade do recurso de reposición presentado por dona Dolores Aurora Barciela Martínez (doc 80060930).- De acordo co establecido 116 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, o recurso presentado tense interposto en tempo e prazo.

2.- Obxecto do recurso de reposición.- Dona Dolores Aurora Barciela Martínez, presenta a súa disconformidade co reparto das parcelas de resultado.

3.- Análise da cuestión tratada no recurso de reposición.- De acordo co previsto no artigo 95 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aprobou o regulamento de xestión urbanística, debe procurarse que as fincas adjudicadas estén situadas en lugar máis próximo posible á dos antigas propiedades dos mesmos titulares. Así mesmo, de acordo co informado pola arquitecta municipal (reproducido nos antecedentes do presente informe), non se da o suposto previsto no punto segundo do artigo 95. Comprobado o reparto de parcelas, a técnica municipal informa favorablemente o recurso de reposición.

4.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local (redacción da Lei 57/03, de 16 de decembro), a competencia para a aprobación do presente proxecto de compensación é atribuída á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo:

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición interposto por dona Dolores Aurora Barciela Martínez o 15.05.08 (doc 8006093) ó acordo da Xunta de Goberno Local de data 7.04.08 polo que se aprobu o proxecto de compensación da UA 2 "Penís de Arriba". Requerir á Xunta de Compensación para que presenten documentación do proxecto de compensación correxida para os efectos previstos no artigo 2º do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, polo que se aproba o regulamento hipotecario urbanístico.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a todos os interesados que consten no expediente comunicando que contra o mesmo caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a notificación do mesmo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **44(1084).- EXPROPIACIÓN PARA A AMPLIACIÓN DA CIDADE UNIVERSITARIA. SEGUNDA FASE. ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE. SOLICITUDE DE RETAXACIÓN. EXPTE. 140/413.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do 18.06.08, asinado polo técnico de Admón. Xeral e polo arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- A finca expropiada no expediente de referencia, de 160.830 m2 de superficie, pertencía no momento da expropiación á Entidade Local Menor de Bembrive, Administración pública territorial dependente da propia Administración expropiante (Concello de Vigo).

2º.- Dito predio sitúase dentro dun monte cualificado de utilidade pública (inventariado co núm. 563). Dito monte, de primixenia titularidade municipal do Concello de Vigo, fora adscrito ou transferido gratuitamente á entidade local menor de Bembrive ao tempo da súa constitución, para o seu uso forestal dentro dos fins da entidade local menor.

3º.- No Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993 (PXOU-93) ditos terreos, xunto cos das comunidades de montes limítrofes se afectaron á futura ampliación da Universidade de Vigo/Ourense adscritos a unha área de Solo Urbanizable Non Programado (SUNP). Categoría de Solo que a lexislación urbanística aplicable equipara ao non urbanizable ou rústico. No novo Plan Xeral aprobado definitivamente o 16 de maio de 2008 intégranse no sistema xeral supramunicipal da universidade pública Vigo/Ourense.

Esa concreta área atopábase no momento da expropiación enclavada en pleno monte, rodeada de solos non urbanizables e moi alonxada do núcleo poboacional central de Vigo.

Por outra banda, este campus universitario constitúe un equipamento de interese xeral supramunicipal, de titularidade autonómica, con campus nas cidades de Vigo, Ourense e Pontevedra (como se recoñece na Lei galega 11/1989, de 20 de xullo, de Ordenación do Sistema Universitario de Galicia –BOE 258, de 27/10/1989- e Decreto 2/1990, de 11 de xaneiro da Consellería de Educación).

4º.- Durante a tramitación do expediente do prezo xusto emitíronse os seguintes Informes técnicos de valoración:

\* Informe de 20 de abril de 1998, do departamento de Intervención municipal (fols. 35 y ss. del expte. admvo.) no que se fixo constar o seguinte:

"(...) En canto ás valoracións dos terreos rústicos, estarase ao valor catastral destes, obténdose mediante a capitalización ao xuro que regulamentariamente se estableza das rentas, reais ou potenciais dos mesmos (art. 68 da Lei 39/1988, de 28 de decembro). En ningún caso se tomará para a valoración as plusvalías que sexan consecuencia do proxecto ou proxectos a que dean lugar ou que se teña executado. (...)".

\* Informe de 8 de marzo de 1999 do Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo (fols. 39 e ss.).

\* Informe de 14 de xuño de 1999 do Enxeñeiro de Montes da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia (fols. 51 e ss.).

\* Informe de 13 de xuño de 2001 do Arquitecto, Enxeñeiro de Montes e letrado municipais (fols. 78 e ss.). No mesmo constátanse os seguintes datos relevantes:

- Falla de aprobación de Plan Parcial e Programa de Actuación Urbanística do ámbito de SUNP ao que se adscribira a finca expropiada.

- Aplicabilidade do disposto ao respecto no art. 26 Lei 6/1998, de 13 de abril sobre Réxime do Solo e Valoracións (LRSV), entón vixente.

- Imposibilidade de cálculo do valor do terreo polo método de comparación de fincas, polos seguintes motivos:

"(...) 2º/ Porque os usos e aproveitamentos de que son susceptibles estes terrenos son exclusivamente de carácter forestal (art. 21 LRSV).

3º/ Porque el régimen urbanístico aplicable, como solo integrante do sistema xeral de equipamentos comunitarios, non asigna ningún aproveitamento lucrativo aos terreos, carecendo de calquer expectativa urbanística".

- Utilización do método de capitalización de rentas, con aceptación das valoracións efectuadas ao respecto pola Consellería de Medio Ambiente no seu Informe de 14 de xuño de 1999 (fols. 49 e ss.).

- A valoración do solo forestal, tra-la capitalización de rentas xustificada no Informe (Fº 81) ascende a 348 ptas/m<sup>2</sup> (2,09 €).

- A indemnización pola tala de arbolado suma un total de 13.775.048 ptas.

- O importe total da indemnización a pagar polo prezo xusto, incluído 5% de premio de afección, alcanza as 73.231.082 ptas. (440.127,67 euros).

5º.- En data 21 de xuño de 2001 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar a folia de aprecio formulada no citado Informe de 13/06/2001 (fols. 83 y ss.). O 13 de novembro de 2001, o Alcalde-Pedáneo da Entidade Local Menor de Bembrive formulou folia de aprecio contradictoria (fols. 89 e ss.).

No 14 de maio de 2002 o Xurado Provincial de Expropiación Forzosa de Pontevedra dictou Resolución (fols. 94 y ss.) na que valorou xustificadamente o solo expropiado a razón de 2,09 euros/m<sup>2</sup> (348 ptas/m<sup>2</sup>). Incrementado co valor das árbores existentes, máis o premio de afección, alcanzou a cantidade final de 439.885,12 euros (73.190.726 ptas.). Entre os fundamentos de dita Resolución merecen reseñarse os seguintes:

- O terreo expropiado formará parte dun equipamento universitario adscrito á categoría de solo urbanizable non programado, ao que se lle aplica o réxime do solo rústico conforme dispoñe o art. 77 Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia e art. 26 LRSV.

- El referido predio ten unhas afeccións moi singulares pola súa propia natureza e titularidade. Así, recoñeceu o propio Xurado Provincial que:

"(...) Por consiguiente, teniendo en cuenta las circunstancias concurrentes y características del terreno afectado, su naturaleza y situación, es necesario acudir a los criterios de valoración que para el SUELO NO URBANIZABLE fija el artículo 26 de la Ley 6/1998, sobre el Régimen del Suelo y Valoraciones.

(...) el terreno objeto de expropiación carece de expectativas urbanísticas, sus usos y aprovechamientos son eminentemente de carácter forestal y, por su naturaleza, es inalienable, no es posible determinar el valor de este suelo por el método de comparación a partir de valores de fincas análogas. En consecuencia, es de aplicación la determinación del valor mediante la capitalización de las rentas reales o potenciales del suelo y conforme a su estado en el momento de la valoración (...)"

6º.- A Entidade Local Menor interpuxo Recurso de Reposición contra dita Resolución (fols. 97 e ss.). En data 17 de setembro de 2002 o Xurado Provincial de Expropiación de Pontevedra dictou Resolución estimatoria parcial do recurso e incrementou o prezo xusto da finca ata alcanzar os 2.822.661,98 euros (469.651.273 ptas.), a razón de 16,20 euros/m<sup>2</sup> (2.695 ptas/m<sup>2</sup>). O Xurado motivou o seu drástico cambio de criterio unicamente en que a finca non se ubicaba nun monte veciñal en man común (como inicialmente considerou) senón nun monte de utilidade pública da Entidade local. Motivación sorprendente, por canto as afeccións ás que están sometidos os montes de utilidade pública das Administracións públicas exceden das dos montes veciñais en man común.

7º.- Tanto a entidade local menor de Bembrive como o Concello de Vigo impugnaron a última Resolución do Xurado Provincial citada perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) nos recs. cont.-ad. 3/7027/2003 e 3/7049/2003 (acumulados). En data o 29 de setembro de 2006 o TSXG dictou Sentenza núm. 1510/2006, estimatoria do recurso do Concello e desestimatoria do da entidade local menor de Bembrive, confirmándose así o prezo xusto determinado na primitiva Resolución do Xurado Provincial de 14 de maio de 2002 antes citada. Constatouse nesa Sentenza, no seu FD "SEGUNDO" que os terreos litixiosos: "(...) se hallan clasificados en el Plan General de Ordenación Urbana como suelo urbanizable no programado y calificados como de equipamiento supramunicipal universitario". Tamén (FD "TERCERO"), que "(...) el destino dotacional se refiere no a una parte del área o zona del suelo urbanizable de que se trata, sino a toda ella, de modo que no hay beneficios y cargas que repartir en tal área, al estar destinada en toda su extensión territorial a esa única finalidad", de modo que "en el caso de expropiación del mismo no se priva a su titular de ningún aprovechamiento urbanístico lucrativo futuro, que no existe por mandato del propio Plan, sino del aprovechamiento forestal que tenía ese titular en el momento de la expropiación".

Contra dita Sentenza a entidade local menor interpuxo recurso de casación perante o Tribunal Supremo (núm. 6430/2006), que se atopa a día de hoxe pendente de Sentenza.

8º.- No 14 de maio de 2007 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar un novo "convenio marco" regulador das relacións do concello coa entidade local menor de Bembrive (o cal foi ratificado na súa Xunta Veciñal do 16 de maio). Nel incrementouse en 100.000 euros a contribución do Concello no financiamento da entidade local

menor, prevéndose ao mesmo tempo o desistimento desta última nas reclamacións formuladas fronte á Administración municipal.

9º.- Nese contexto, en data 22 de agosto de 2007 o Concello pagoulle á entidade local menor os 440.127,67 euros do prezo xusto expropiatorio ratificado pola referida sentenza do TSXG (orde de pago 200700042509).

10º.- Mediante senllos escritos presentados no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo o 10 de novembro de 2006 e 2 de xuño de 2008 o Alcalde-Pedáneo da entidade local menor de Bembrive solicitou a retaxación do prezo xusto expropiatorio.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O dereito de retaxación no procedemento de expropiación forzosa regúlase no art. 58 da Lei de Expropiación Forzosa, no que se dispón que: “Se transcorresen dous anos sen que o pago da cantidade fixada como prezo xusto se faga efectiva ou se consigne, haberá de procederse a avaliar de novo as cousas ou dereitos obxecto de expropiación, de acordo cos preceptos contidos no capítulo III do presente Título”.

O art. 35.3 da mesma Lei engade que dito prazo computarase a partir da data da Resolución do Xurado de Expropiación Forzosa.

II.- Neste concreto caso podería considerarse que non transcorreu o mentado prazo determinativo do dereito de retaxación por canto a Resolución do Xurado de Expropiación ao que se refire o art. 35.3 LEF foi anulada pola citada Sentenza do 29 de setembro de 2006, estimatoria da Demanda interposta pola Administración expropiante. Sentenza innovativa e limitativa da reclamación da expropiada, que substituíu á citada resolución do Xurado.

Como o pago do prezo xusto se efectuou dentro dos dous anos posteriores á notificación da Sentenza, queda claro que non concorre a causa de retaxación regulada no art. 58 LEF.

Cuestión distinta é a referida aos posibles xuros de mora devengados dende a data da Acta de Ocupación da finca litixiosa. É reiterada a doutrina xurisprudencial que entende que o pago ou consignación do prezo xusto que non conteña os xuros de mora enerva o dereito á retaxación, ao constituír un crédito accesorio independente e complementario ao propio prezo xusto (S TS do 24/06/1996 -RJ 5022-).

III.- A mesma conclusión acádese por aplicación do disposto nos arts. 6.4 e 7 do Código Civil, nos que se proscribe o fraude de lei e o exercicio antisocial do dereito.

A Entidade Local Menor de Bembrive incorreu en evidente contradicción cos seus propios actos ao interpór esta solicitude de retaxación sen desistir previamente do recurso de casación promovido por ela contra a citada Sentenza do TSXG do 29 de setembro de 2006. A retaxación supón a incoación dun novo procedemento administrativo de valoración da finca expropiada que anula e substitúe ao anteriormente tramitado sobre o mesmo obxecto. Carece de sentido manter aberta a primitiva peza de prezo xusto na vía xudicial e ao mesmo tempo provocar a tramitación dunha nova distinta e incompatible coa anterior.

En calquer caso, se se aceptase e tramitase a retaxación, quedaría claro que o resultado do litixio pendente carecería de todo efecto práctico, toda vez que o novo procedemento administrativo de valoración derogaríase e substituiría plenamente ao anterior.

Por outra banda, contradí tamén a entidade local menor os seus propios actos ao manter a estas alturas a solicitude de retaxación, despois de subscribir co Concello un novo “convenio marco” no que se incrementaron sensiblemente as aportacións municipais directas á entidade, e despois de cobra-lo prezo xusto expropiatorio determinado na citada Sentenza.

Elo maiormente considerando, en primeiro lugar, que a propiedade do monte no que se ubica a finca en cuestión foille cedida gratuitamente polo Concello á entidade local Menor trala súa constitución.

*En segundo lugar, que entidade local menor é unha Administración pública cuxos fins e servizo público que presta coinciden cos desta Administración municipal, financiándose incluso a costa dos propios orzamentos municipais.*

*En terceiro lugar, que o equipamento universitario xustificativo da expropiación (que inclúe campos de deportes, parques, centros educativos, etc) beneficia á poboación da Entidade Local Menor de Bembrive antes que á do resto do Municipio, por unha simple razón de proximidade.*

*A iso debe engadírselle o feito de que a Administración expropiada pretende na solicitude de retaxación que se lle valore a finca como se dispuxese dunha edificabilidade lucrativa da que na realidade carece.*

*Non deixa de sorprenden a pretensión da Entidade Local, que en contra da súa propia condición e fins, parece esixir deste Concello, como contraprestación por destinar a finca litixiosa a un servizo público de interese xeral (máis beneficioso para a súa poboación que o preexistente) o pago dun prezo moi superior ao do valor real da finca, que polas súas afecciones intrínsecas (monte catalogado de interese público, no que se incidirá a continuación) só podía destinarse a aproveitamentos forestais. Pretende agora que se lle incorporen artificialmente a dito prezo uns elementos especulativos (edificabilidade lucrativa residencial) dos que sempre careceu ese ámbito e seguirá carecendo no futuro.*

*Dita solicitude resulta, polo exposto, tamén contraria aos principios básicos que rexen as relacións entre Administracións públicas (art. 3.2 Lei 30/1992, de 26 de novembro e arts. 55 e ss. LBRL). Así, esta Corporación municipal non dubidou en ceder gratuitamente a outras Administracións públicas terreos da súa titularidade co fin de que fosen destinados á prestación de servizos públicos (para usos sanitarios, educativos, etc), ao igual que o resto dos municipios. Lo que ocorreu incluso cos terrenos expropiados para o equipamento universitario en cuestión, que trala súa adquisición onerosa polo Concello foron logo cedidos gratuitamente á Administración supramunicipal para destinarlos ao referido servizo público.*

*IV.- Outro motivo que obriga a rexeita-la retaxación da finca en cuestión refírese á súa condición, no momento da expropiación, de monte declarado de utilidade pública, pertencente a una Administración pública local.*

*Atópase polo tanto, "fóra do comercio dos homes", afecta aos principios de inalienabilidade, imprescriptibilidade, indivisibilidade e inembargabilidade (Arts. 12.1.a. y 14 Ley 43/2003, de 21 de novembro, de Montes, aplicable a este novo procedemento, Art. 4 RD 1372/1986, de 13 de xuño -RBEL-, Art. 74 RDLex. 781/1986, de 18 de abril -TRRL- e Arts. 264 e ss. Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia -LALGA-).*

*As intensas afeccións ás que se someten estes terreos correspóndense coas dos bens de dominio e uso público, como se recoñece xa expresamente no art. 12.1.a) de la Ley 43/2003, de 21 de novembro, de Montes.*

*Consecuentemente, a transmisión da finca á Administración pública municipal (en primeiro termo) e autonómica (en segundo) tense producido en virtude dunha mutación demanial subxectiva. Institución xurídica de natureza esencialmente gratuita, allea á figura da expropiación forzosa.*

*Por iso, na hipótese de que se tramitase o procedemento de retaxación solicitado pola entidade local menor, resultarlle de aplicación indubitablemente o referido art. 12.1.a) Ley 43/2003, de montes (vixente na data da solicitude), e concluíriase coa conseguinte declaración da improcedencia de efectuar pago ningún á reclamante, así como da súa obriga de devolver ao Concello de Vigo dos 440.000 € xa cobrados.*

*V.- Finalmente, en ningún caso pode aceptarse a valoración da finca de referencia proposta pola entidade local menor de Bembrive, como se de solo urbanizable programado se tratase. Elo polos motivos xa sinalados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa Sentenza do 29 de setembro de 2006 antes citada, e polo Concello no seu escrito de impugnación do recurso de casación (incorporado ao expediente).*

As limitacións da finca expropiada pola súa condición de monte de utilidade pública superpóñense sobre a concreta clasificación urbanística dese solo, excedendo das propias do solo non urbanizable ou rústico (no que en determinados supostos admítase algún uso residencial) e por suposto das dos montes veciñais en man común.

A elo debe engadírselle o carácter supramunicipal do equipamento público que xustificou a expropiación. Non só porque así resulta do disposto na Lei galega 11/1989, de 20 de xullo, de Ordenación do Sistema Universitario de Galicia e Decreto 2/1990, de 11 de xaneiro da Consellería de Educación, senón tamén polo feito de que debido á súa peculiar localización (límitrofe con varios municipios) e á exclusividade de varias das súas escolas técnicas unha boa parte dos seus estudantes proceden de fóra da cidade de Vigo.

A xurisprudenza máis recente coincide en sinalar que nestes casos o solo debe valorarse consonte coa súa clasificación urbanística, sen engadir expectativas de aproveitamento lucrativo das que carece na realidade (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 2011/2008, do 28 de marzo de 2008 –rec. 8095/2004- e Sentenzas do Tribunal Supremo do 13 de abril de 2005 –casación 5334/2001-, 30 de xaneiro de 2006 –casación 5359/2001-, 30 de xaneiro de 2006 –casación 5359/2001- e 18 de xaneiro de 2007 –rec. unificación doutrina 124/2006-), consonte co disposto no propio art. 25.2 LRSV, modificado por Lei 53/2002, e art. 21.2 Lei 8/2007, de 28 de maio, do Solo.

VI.- É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 LBRL.

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adoución do seguinte:

#### ACORDO

**PRIMEIRO:** Desestimar a solicitude formulada polo Sr. Alcalde-Pedáneo da Entidade Local Menor de Bembrive de retaxación da finca núm. 2 expropiada con motivo da execución da obra de “Ampliación da cidade universitaria de Vigo. Fase 2”, polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste Acordo (expte. 140/413).

**SEGUNDO:** Notifíquesele este Acordo aos interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativa, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **45(1085).- RECEPCIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DA UE 2 PEPRI SENSAT. EXPTE. 4780/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 17.06.08, conformado polo adxunto ao director dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Con data 1 de marzo de 2004 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo: “(...) Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización da U.E. 2 do PERI de Sensat, promovido pola entidade mercantil “Solgalicia S.L.”, redactado polos enxeñeiros D. Alberto Moreno García e D. Gonzalo Pérez Zunzunegui, visado en datas 09/10/2002, 22/10/2002, 28/01/2003, 17/02/2003, 26/03/2003 e 11/06/2003 (Expte. 4407/401) (...)”.

O 22 de outubro de 2007, a Xunta de Compensación da U.E. II do PERI Sensat, solicita a recepción da urbanización do polígono II do mencionado PERI.

Constan no expediente os seguintes informes:

“R Cable e Telecomunicaciones de Galicia, S.A.” de 27.11.07.  
Servizo de electromecánicos de 27.02.08.  
“Aqualia gestión integral del agua, S.A.” de 13.03.08.  
“Unión Fenosa, S.A.” de 25.03.08.  
Oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras de 22.05.08.  
Montes, parques e xardíns de 20.02.08.  
“Gas Galicia” de 24.03.08.

O adxunto ó director dos servizos técnicos informa o 13.06.08 o seguinte: "(...) Tales obras se ajustan a las contenidas en el documento que las define, el Proxecto de Urbanización de dicha U.E. (expte. – 4407/401), que tuvo aprobación definitiva el 01/03/04 por acuerdo de la Junta de Gobierno Local. Consta en el expediente de recepción, informes favorables de los diferentes departamentos municipales, y de las distintas compañías que detentan servicios urbanísticos instalados en dicha urbanización. Desde el punto de vista urbanístico por tanto no existe inconveniente alguno en acceder a lo solicitado (...)"

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Previsións legais sobre a recepción de obras de urbanización derivadas da execución de polígonos.- O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "(...) A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerese polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas (...)". O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (transitoriamente vixente en virtude da disposición transitoria primeira da Lei 30/07 de 30 de outubro, de contratos do Sector Público) preceptúa que: "(...) No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...)". 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano (...)"

2.- Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos.- Consonte os informes da oficina de supervisión e inspección de obras e o adxunto do director dos servizos técnicos, procede a recepción das obras de urbanización.

3.- Prazo de garantía das obras de urbanización e necesariedade de constitución da correspondente entidade urbanística de conservación.- De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do Regulamento de contratos das Administracións Públicas, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra executaranse pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP. O prazo de garantía é dun ano. De acordo co establecido no Plan xeral vixente e a propia Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural, procede a inmediata constitución da entidade urbanística de conservación.

4.- Innecesariedade da adopción do presente acordo.- As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 147.2 do rdlx. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado.

5.- Órgano competente para a resolución do expediente.- É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

*En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte*

**ACORDO:**

*PRIMEIRO: Á vista dos informes do enxeñeiro técnico da oficina do servizo de supervisión de proxectos e inspección de obras de 22.05.086 e do adxunto ó director dos servizos técnicos de 13.06.08, acordar a recepción das obras de urbanización da "do polígono II do PERI SENSAT" (expte 4780/401).*

*SEGUNDO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Galicia, S.A."*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **46(1086).- CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A IMPLANTACIÓN, XESTIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA TRADICIONAL. EXPTE. 9217/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 2.07.08, conformado pola concelleira da Área de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Autoriza-lo gasto 928.128 euros euros para a prestación dos servizos de de implantación inicial, xestión e desenvolvemento do Proxecto de Escola Municipal de Música Tradicional e Folk (e-Trad), que se imputarán á partida presupuestaria 4220.227.06.18. do presuposto dos ano 2008 a 2012.

2º Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 27-06-2008 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de implantación inicial, xestión e desenvolvemento do Proxecto de Escola Municipal de Música Tradicional e Folk (e-Trad),

3º Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

**47(1087).- SOLICITUDE DAS AXUDAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE NA ÁREA DE INFLUENCIA SOCIOECONÓMICA DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS. EXPTE. 5813/306.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta do xefe do servizo de Medio Ambiente de data 3.07.08, co conforme da concelleira delegada na mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Solicitar ao abeiro da orde do 21 de maio a concesión dunha subvención para realizar un programa de visitas guiadas aos catro arquipélagos que conforman o Parque Nacional das Illas Atlánticas (Cíes, Ons, Cortegada e Sálvora), incluíndo o desprazamento e a visita con guías especializados.

Delegar na concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo a representación para subscribir a solicitude.

**48(1088).- AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA OS VINDEIROS DIAS 18 Ó 22 DE XULLO CO GALLO DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO CRISTO DE BOUZAS. EXPTE. 75037/210.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Vistas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta da enxeñeira técnica de Mobilidade, Transportes e Seguridade, do 3.07.08, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Cofraría do Stmo. Cristo dos Afrixidos, á ocupación do espazo público en estrada e beirarrúas da Alameda Suárez-Llanos, rúa Pescadores, Eduardo Cabello, rotonda das Áncoras, confluencia da rúa Beiramar, vía de acceso ao recinto empresarial e industrial do porto de Bouzas solicitado, coas seguintes condicións: deberán deixar libre, como límites do recinto, dende a última saída do aparcadoiro de camións anterior á rotonda dos Graniteiros, evitando invadir a devandita rotonda así como o ramal do enlace da V.G. -20 até a ponte en ambos sentidos de circulación, tanto por atraccións como por peóns ou vehículos indebidamente estacionados, así mesmo deberán de quedar expeditas a rúa Pescadores e a rotonda das Áncoras, pola grave afección que supón ao tránsito de persoas e vehículos e os riscos e inconvenientes que supón para a seguridade viaria dos usuarios, transporte público, empresas e actividade portuaria no seu contorno.

No tocante aos pechos diarios do tráfico rodado propostos, por entender que nunha ampla zona dos veciños de Bouzas e das diversas actividades empresariais próximas poden quedar incomunicados por terra, os organizadores deberán dispor medidas que garantan calquera posible emerxencia, ademais de contar coa preceptiva autorización dos titulares das vías afectadas non municipais (Ministerio de Fomento e Autoridade Portuaria) nos treitos e horarios previstos.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, carruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas, de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2005:

- O espazo ocupado será debidamente delimitado e sinalizado de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade vial, para o libre tránsito de persoas e vehículos no seu entorno, con paso suficiente para os vehículos de urxencia e sen ocupar ou invadir as vías públicas, camiños de servizo ou accesos que non estean expresamente autorizados.
- Todos os días da celebración prohibirase a circulación de vehículos na ronda litoral no treito comprendido entre a rotonda da confluencia das rúas Eduardo Cabello e Pescadores (coñecida como a das Áncoras) e até a rotonda de acceso á zona portuaria en ambos sentidos, entre as 19:00 e as 4:00 horas da mañá do seguinte día, agás o domingo 20 en que a hora de comezo da prohibición será ás 16:00 horas.
- O horario permitido de apertura ó público para as atraccións da festa, casetas, tómbolas e demais negocios relacionados coa ocupación da vía referida será para tódolos días entre as 19:00 e as 3:30 horas do seguinte, agás o domingo 20 en que será de 16:00 a 3.30 horas, coincidindo sempre co horario de peche ó tráfico na zona e nunca antes do comezo deste. Prohíbese expresamente que calquera destes negocios realice a súa actividade fora deste horario.
- Para garantir a seguridade dos asistentes e o cumprimento destes preceptos, a organización disporá dos medios técnicos e humanos suficientes para tal acontecemento, poñéndoos a disposición da Policía Local para colaborar con estes en todo o relativo á Seguridade Vial.
- Por parte da Policía Local procederase á vixilancia do estrito cumprimento destas normas de seguridade, podendo incluso chegar á anulación da licenza en caso de negligencia grave ou risco para os usuarios da vía.
- Horario máximo autorizado: 3.30 horas coas ampliacións previstas na orde do 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia
- Límite transmisión ruídos: non se superarán os fixados na táboa 1.2 do anexo da vixente ordenanza municipal de Ruídos e Vibracións, publicado no BOP de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

**49(1089).- AUTORIZACIÓN DO GASTO PARA FACER EFECTIVA A APORTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO SEGUNDO CONVENIO COA FUNDACIÓN VIDE PARA O PROXECTO “VIGO UNIVERSIADA 2013”. EXPTE. 220/107.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do coordinador xeral de tenencia de Alcaldía, do 30.06.08, conformado polo tenente de Alcalde e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar de forma definitiva o gasto por un importe de 1.000.000,00 € para facer efectiva a aportación do Concello de Vigo, prevista no convenio aprobado pola Xunta de Goberno local de data 14 de abril de 2008, entre o Concello de Vigo e a Fundación Vide con cargo á partida 1112.227.06.03 do vixente orzamento.

**50(1090).- REVISION DE TARIFAS DO APARCADOIRO DA PRAZA DA INDEPENDENCIA ADXUDICATARIO;ELOYMAR Y TRANVIAS ELECTRICOS. EXPTE. 18335/240.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial do 22.05.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de tarifas no aparcadoiro da Praza da Independencia, adxudicado á entidade UTE “Eloymar y Tranvías Eléctricos de Vigo”, a partir da data de aprobación do presente acordo, por aplicación do incremento do IPC abril 2007/2008, nun 4,2%, fixando a tarifa/minuto por uso do servizo de aparcadoiro nas cantidade de :

0,0309 nos primeiros 80 minutos.  
0,0234 a partir do minuto 81.

**51(1091).- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO DE CARREIRA DE D. CARMELO DEL CASTILLO MARTÍN COMO SUPERINTENDENTE DA POLICIA LOCAL. EXPTE. 18339/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 4.07.08, co conforme do concelleiro delegado na mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Nomear funcionario de carreira con cargo a praza de Superintendente do Corpo da Policía Local, pola quenda de promoción interna ao funcionario en prácticas que superou o regulamentario curso de formación na Academia Galega de Seguridade Pública:

D. CARMELO DEL CASTILLO MARTIN, DNI 70.313.787-G

Segundo.- O funcionario en prácticas deberá tomar posesión da súa praza como funcionario de carreira con efectos do día 01 de xullo de 2008”

O presente acordo notifíquese ós/ás interesados/as, Unidade de Persoal, Intervención Xeral, Organización e Métodos, Comité de Persoal e concelleiro-delegado e xefe da Area de Mobilidade, Seguridade, Transportes e Extinción de Incendios.

**52(1092).- PROXECTO DE CONVENIO CO COMITÉ “ÓSCAR ROMERO” DE SOLIDARIEDADE CON AMÉRICA LATINA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE REDUCCIÓN DE DANOS NO CASCO VELLO (PROGRAMA SEREOS).**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 26.07.08, conformado polo xefe de Área de Acción Social e pola concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración co Comité “Óscar Romero” de Solidariedade para un Programa Comunitario de Saúde e convivencia de rúa entre iguais, na cidade de Vigo, con vixencia de un ano dende a súa sinatura, podendo ser prorrogado por períodos anuais ata un máximo de dous, e encadrado nos programas de prevención de drogodependencias da Área de Acción Social, realizados no marco do convenio 08-09 coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

2º.- Aprobar o gasto de 52.594€, distribuídos do seguinte xeito:

Para o ano 2008:

Con cargo á partida 3130. 2270602 “Convenios de exclusión” do orzamento de 2008 de Benestar Social, 13.148,50€.

Con cargo á partida 4123. 2270605 “Convenios de exclusión” do orzamento de 2008 de CEDRO, 13.148,50€.

Para o ano 2009:

Con cargo á partida 3130. 2270602 “Convenios de exclusión” do orzamento de 2009 de Benestar Social, 13.148,50€.

Con cargo á partida 4123. 2270605 “Convenios de exclusión” do orzamento de 2009 de CEDRO, 13.148,50€.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE COMITÉ DE SOLIDARIEDADE “OSCAR ROMERO” DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO*

Vigo,        de        de 2008

*REUNIDOS*

*DUNHA PARTE:*

*Dª María Xosé Méndez Piñeiro, en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, por decreto de Delegación de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.*

*DOUTRA:*

*D. Fernando González Gurriarán, en calidade de Presidente do Comité de Solidariedade “Oscar Romero” de Vigo NIF G367859041, inscrito no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 351/94 y con enderezo a efectos de notificación en Rúa Baiona nº 9 – baixo Vigo*

*MANIFESTAN*

### PRIMEIRO

*Que segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias, están a protección da salubridade pública, a participación na xestión da atención primaria de saúde, e a prestación dos servizos sociais de promoción e reinserción social, sendo competencia de obrigado exercizo para os concellos de máis de 20.000 habitantes.*

*A Lei 5/1997, de 2 de abril, da Administración Local de Galicia establece que os municipios exercerán competencias sobre a protección da saúde pública e prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social.*

### SEGUNDO

*Que a Lei 4/1993, de 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, establece como competencias municipais a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria.*

*No Decreto 240/1995, de 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, especifícanse como obxectivos prioritarios deste nivel de atención, entre outros, o desenvolvemento de servizos preventivos dirixidos á poboación xeral e, de forma especial, a aqueles colectivos que se atopan en situación de risco, así como a inserción social dos membros marxinados e excluídos da sociedade.*

*Na Orde de 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de atención social continuada e as unidades de rúa*

### TERCEIRO

*Que a Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das administracións locais, e os programas, medidas, e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social, na nosa Comunidade.*

*O Real Decreto 1911/1999, de 17 de decembro, polo que se aproba a estratexia nacional sobre drogas para o período 2000-2008, e o seu Plan de Acción 2005-2008, establecen que os concellos de máis de 25.000 habitantes deberán elaborar Plans Locais de Drogodependencias.*

*O Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009, en correspondencia co determinado no RD 1911/1999, establece un papel específico para as administracións locais para o desenvolvemento –entre outras- de políticas específicas de prevención de drogodependencias, fundamentalmente no ámbito comunitario, así como as orientadas a favorecer a integración social dos usuarios de drogas, e a coordinación de intervencións en materia de drogas realizadas a nivel local. Así mesmo, establece que as funcións sinaladas para a Administración local terán a súa articulación a través de, entre outros, plans municipais de drogodependencias -que deberán dispoñer de partidas e aplicacións orzamentarias propias, sen perxuício do financiamento que poidan recibir a través dos convenios de colaboración que establezan coa Consellería de Sanidade e outras administracións, para a execución das medidas recollidas nos respectivos plans municipais-, programación centrada na prevención e incorporación social, e apoio e coordinación coas ONGs da súa zona de influencia.*

#### CUARTO

*Que o Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social, para o cal ten subscritos convenios de cooperación coa Consellería de Sanidade e o Servicio Galego de Saúde, para a realización de programas de prevención, servicios asistenciais e de incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.*

*No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo 2006-2008 propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das conductas aditivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se sinala a promoción dos programas de urxencia, redución de danos, e de intervención en rúa, e dos programas de axentes de saúde entre iguais, para atender aos colectivos máis desfavorecidos.*

*O PLDA 2006-2008 establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade, e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.*

#### QUINTO

*Que o vixente convenio de cooperación para o cofinanzamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servicio Galego de Saúde e o Concello de Vigo, na súa cláusula quinta, establece que o Concello de Vigo estará aberto á colaboración con aquelas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) da súa comarca e/ou área de saúde que estean interesadas en participar nos programas de prevención e/ou incorporación social de drogodependencias.*

#### SEXTO

*Que o obxecto deste convenio, PROGRAMA SERE@S, é ofertar un programa de redución de danos e prevención indicada con drogodependentes e outros colectivos en exclusión social, en cumprimento de obxectivos propios e dos compromisos adquiridos mediante convenio de cooperación coa Consellería de Sanidade e o Servicio Galego de Saúde.*

*O programa obxecto deste convenio, no que se refire os recursos materiais e humanos, obxectivos asistenciais, metodoloxía e orzamento xeral, recóllese no ANEXO 1.*

#### SÉTIMO

*Que a Administración pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro, para una xestión común de determinadas actividades. A Lei 4/1993, de 14 de abril, de servicios sociais de Galicia, establece entre as competencias dos concellos a colaboración no fomento dos servicios sociais de carácter local prestados polas entidades de iniciativa social, especialmente os que substitúen ou atenden a necesidades non cubertas pola propia administración.*

#### OITAVO

*Que, polas características específicas do traballo a realizar, ambas partes consideran de interese mutuo o establecemento dun convenio de cooperación para o desenvolvemento do PROGRAMA SERE@S descrito no ANEXO 1, segundo as seguintes*

#### CLÁUSULAS

##### *PRIMEIRA*

*O obxecto do convenio é establecer os criterios de colaboración entre as partes para a realización dun programa de redución do dano en medio aberto, con un centro de atención social continuada e una unidade de rúa, no ámbito territorial do Casco Vello de Vigo.*

##### *SEGUNDA*

*O destinatario do programa é a poboación en situación de emerxencia social, drogodependencias e problemática asociada.*

##### *TERCEIRA*

*O Concello de Vigo aportará 52.594 € das partidas e bolsa de vinculación:  
Benestar Social 3130.2270602 –Convenios exclusión- 26.297 €  
CEDRO 4123.2270605 –Convenios exclusión- 26.297 €*

*O Comité “Oscar Romero” de Soliedariedade aportará medios materiais, alimentos, etc. cuio valor se estima en 29.231€.*

##### *CUARTA*

*1) Por parte do Concello de Vigo, proporcionarase:*

- Persoal técnico de CEDRO, a tempo parcial, con funcións de dirección técnica, supervisión operativa, e coordinación do programa coa Unidade Asistencial de Drogodependencias, en cooperación co persoal e o voluntariado do programa.*

*2) Por parte do Comité “Oscar Romero”, adquirese a obriga de:*

*Contar co persoal técnico segundo táboa de anexo 1, para a execución da actividade asistencial. A idoneidade do persoal contara co Vº Bº do persoal técnico de Benestar Social.*

*Asumir a xestión xeral do programa.*

*Acadar os recursos materiais e económicos que permitan a cofinanciación total para a execución do programa.*

*Desenvolver a actividade obxecto do convenio, cumprindo o establecido no anexo 1.*

*O persoal prescrito no anexo 1 necesario, estará suxeito ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello de Vigo.*

*Facer fronte os gastos específicos e directamente derivados do desenvolvemento do programa [Sere@s](#) vixente.*

*Adherirse ao Plan de Galicia sobre Drogas e ao Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, e colaborar na súa estrutura participativa.*

*Facilitar o labor de control e inspección do Concello de Vigo, para o seguimento do correcto desenvolvemento do programa.*

*Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades do programa, así como as modificacións das condicións establecidas inicialmente.*

*Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución, que se encontra ao corrente da súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública.*

*Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.*

*Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluíndo os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*

*Aportar os informes parciais e a memoria anual de actividade, segundo se establece na cláusula novena.*

*Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

#### QUINTA

*Toda actividade de información ou divulgación relativa ao programa contará coa autorización da Concelleira-Delegada de Benestar Social, salvo a difusión que o Comité “Oscar Romero” acorde con outras entidades colaboradoras do programa.*

#### SEXTA

*O prazo de vixencia do presente convenio será de un ano desde a súa sinatura, podendo ser prorrogable por períodos anuais, ata un máximo de dous, previo acordo expreso entre as partes con tres meses de antelación á finalización da súa vixencia, ou das prorrogas sucesivas, definido nese acto o importe da achega económica para o novo período, que como mínimo será o que resulte de aplicar o IPC a o importe, anualizado, do período anterior sempre que exista dotación orzamentaria para o citado convenio.*

#### SÉTIMA

*Os pagamentos, para o primeiro período, efectuaranse do xeito seguinte:*

*40% da cantidade, á sinatura do convenio*

*10% na primeira quincena de decembro do 2008.*

*40% en xaneiro de 2009*

10% en xuño de 2009

No caso de prorrogas, os pagamentos efectuaranse do mesmo xeito nos anos sucesivos, sempre que o permitan as bases de execución do orzamento.

#### NOVENA

Os aboamentos parciais formalizaranse contra a presentación, no Rexistro Xeral do Concello, con destino a Concellería de Benestar Social – Xefatura de Área, da conta xustificativa dos gastos realizados achegando copia dos documentos que os sustentan.

Ó mesmo tempo presentarase informe da actividade realizada elaborado polo técnico/a do Comité “Oscar Romero”, responsable do programa Sere@s, para a súa supervisión pola Concellería de Benestar Social - Xefatura de Área.

Para valorar as posibles prorrogas do Convenio, se presentará unha memoria resumen das actividades realizadas, conta xustificativa dos gastos realizados (con copia dos documentos correspondentes), en o período conveniado ata esa fecha, e informe de conformidade do técnico designado pola Concellería de Benestar Social, co visto e prace da Xefatura de Área.

#### DÉCIMA

Comisión de Seguimento - Para o seguimento do convenio, así como para a resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta polo Director de CEDRO, a responsable de Inclusión e outra persoa designada pola Concelleira-Delegada de Benestar Social e tres representantes do comité “Oscar Romero”.

#### DÉCIMO PRIMEIRA

O incumprimento do especificado no clausulado, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, unha vez oída a Comisión de Seguimento.

De ser o Comité “Oscar Romero” a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagamentos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado de xeito adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma no momento do cancelamento

#### DÉCIMO SEGUNDA

Como norma última, será o Concello, o que teña a capacidade de decisión final no referido ó presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar e data antes mencionadas.

#### **53(1093).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte e tres minutos.  
Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.